Portos de Galicia está a impulsar con carácter urxente unha comisión técnica coas Autoridades Portuarias, dependentes de Portos do Estado e afectadas tamén pola decisión do Ministerio de Transición Ecolóxica, para propoñer posibles alternativas para un novo punto de depósito. Este traballo ten carácter prioritario para o ente público autonómico dado que a autorización dun punto de depósito estable é condición necesaria para a viabilidade dos proxectos de dragaxe de toda a franxa costeira desde Muros cara ao sur.

Dende Portos de Galicia se propuxo ao sector a creación dunha mesa de traballo coas confrarías de pescadores a través da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, as organizacións de produtores e outras entidades profesionais xunto coas administracións implicadas para afondar nas alternativas para axilizar ao máximo e con garantías a autorización do novo punto de depósito dos materiais a dragar**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21928
Data envio: 16/09/2021 14:45:50.395

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:45:47

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:57
Nº Rexistro: 21917
Data envio: 16/09/2021 13:38:57.848
Data 16/09/2021 13:38

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 6889,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a denegación por parte da Consellería de Emprego e Igualdade do programa integrado de emprego presentado polos concellos de Dodro, Rois, Padrón, Rianxo, Pontecesures e Valga e a aprobación dun programa integrado de emprego para a Fundación DomusVi"**, (publicada no BOPG número 73, do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Cumpre sinalar que constitúen dúas entidades diferentes xa que no caso dos concellos de Dodro, Rois, Padrón, Rianxo, Pontecesures e Valga trátase de entidades locais e no caso da Fundación trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e aínda que solicitaron unha subvención ao abeiro da mesma Orde de convocatoria de axudas, non concorren ao crédito da mesma aplicación orzamentaria.

O artigo 4 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2020 establece que poderán ser beneficiarias desas subvencións:

a) Os concellos, mancomunidade de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello
b) As entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro

Establecéndose para cada unha delas un crédito orzamentario diferenciado e polo tanto as solicitudes presentadas compiten de forma separada e independente polo crédito convocado.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:38:54

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:57
Nº Rexistro: 21917
Data envio: 16/09/2021 13:38:57.848

Dado que se trata dunha convocatoria sometida ao procedemento de concorrencia competitiva (procedemento no que se comparan as solicitudes presentadas en aplicación duns criterios de valoración previamente fixados na convocatoria e se establece unha prelación das solicitudes en función da puntuación total acadada) a puntuación que acade cada entidade en aplicación do baremo establecido en relación co resto de solicitantes e a limitación orzamentaria de cada unha das aplicacións é o que determina que unha entidade resulte beneficiaria ou non."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:57
Nº Rexistro: 21917
Data envio: 16/09/2021 13:38:57.848

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:38:54

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:49
Nº Rexistro: 21916
Data envio: 16/09/2021 13:38:49.598
Data 16/09/2021 13:38

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7332**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"os danos causados por non permitir pescar en días que poderían ter sido hábiles"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O labor desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permite que Galicia conte co programa de control das zonas de produción de moluscos máis intensivo de Europa e que poida protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. O centro realizou preto de 74.500 análises en 2020 e emitiu preto de 7.000 resolucións de apertura e peche de zonas e informes de seguridade alimentaria cumprindo en todo momento e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis. Ademais o Intecmar é o único laboratorio europeo que ten toda a información en tempo real na súa web a disposición de investigadores e cidadáns.

En canto as resolucións de apertura e peche das zonas de produción son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas e notifícanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios entre os que se atopan asociacións de produtores de mexillón, confrarías de pescadores, depuradores ou cocedoiros, entre outros. Lembrar que o traballo do centro vai desde sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente cumprindo todo o establecido en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños así como na protección e mellora da calidade do medio mariño.

O Intecmar establece os peches e aperturas das zonas de produción en base aos controis

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:49
Nº Rexistro: 21916
Data envio: 16/09/2021 13:38:49.598

que realiza e que, nalgúns casos, pódense decretar peches cautelares por precaución de acordo co propio sector e mantendo o exhaustivo seguimento das zonas que adoita realizar, superando con moito a frecuencia mínima fixada pola lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Lembrar, que a Unión Europea estableceu o denominado como método químico como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar. Así, ata o 31 de decembro de 2014 este método conviviu en Galicia e en Europa co do bioensaio, pero dende o ano 2015 o método químico é de aplicación única e exclusiva, con efectos legais.

Este cambio de método foi moi discutido desde o propio sector e por autoridades científicas e administracións, como é o caso de Galicia, chegando incluso á súa impugnación xudicial.

A Xunta sempre sostivo que o método químico é máis lento, non aporta maior seguridade para os consumidores, ten maior nivel de incerteza e que ademais é máis caro que o método do bioensaio que se empregou sempre en Galicia para detectar a presenza de calquera tipo de toxina".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:49
Nº Rexistro: 21916
Data envio: 16/09/2021 13:38:49.598

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:38:45

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:32
Nº Rexistro: 21914
Data envio: 16/09/2021 13:38:32.660
Data 16/09/2021 13:38

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7334**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os danos causados por non permitir pescar en días que poderían ter sido hábiles, como aconteceu recentemente en Noia"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O labor desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permite que Galicia conte co programa de control das zonas de produción de moluscos máis intensivo de Europa e que poida protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. O centro realizou preto de 74.500 análises en 2020 e emitiu preto de 7.000 resolucións de apertura e peche de zonas e informes de seguridade alimentaria cumprindo en todo momento e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis. Ademais o Intecmar é o único laboratorio europeo que ten toda a información en tempo real na súa web a disposición de investigadores e cidadáns.

En canto as resolucións de apertura e peche das zonas de produción son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas e notifícanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios entre os que se atopan asociacións de produtores de mexillón, confrarías de pescadores, depuradores ou cocedoiros, entre outros. Lembrar que o traballo do centro vai desde sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente cumprindo todo o establecido en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños así como na protección e mellora da calidade do medio mariño.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:38:29

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:32
Nº Rexistro: 21914
Data envio: 16/09/2021 13:38:32.660

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

O Intecmar establece os peches e aperturas das zonas de produción en base aos controis que realiza e que, nalgúns casos, pódense decretar peches cautelares por precaución de acordo co propio sector e mantendo o exhaustivo seguimento das zonas que adoita realizar, superando con moito a frecuencia mínima fixada pola lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Lembrar, que a Unión Europea estableceu o denominado como método químico como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar. Así, ata o 31 de decembro de 2014 este método conviviu en Galicia e en Europa co do bioensaio, pero dende o ano 2015 o método químico é de aplicación única e exclusiva, con efectos legais.

Este cambio de método foi moi discutido desde o propio sector e por autoridades científicas e administracións, como é o caso de Galicia, chegando incluso á súa impugnación xudicial.

A Xunta sempre sostivo que o método químico é máis lento, non aporta maior seguridade para os consumidores, ten maior nivel de incerteza e que ademais é máis caro que o método do bioensaio que se empregou sempre en Galicia para detectar a presenza de calquera tipo de toxina".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:32
Nº Rexistro: 21914
Data envio: 16/09/2021 13:38:32.660

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:38:29

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:31
Nº Rexistro: 21734
Data envio: 15/09/2021 12:02:31.006
Data 15/09/2021 12:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7779**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o balance de resultados do Plan de investimentos conxuntos para o período 2014-2020 e as previsións con respecto ao PIC 2021-2027"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"Fundamentalmente, o balance de resultados do PIC 2014-2020 desenvolveuse no marco do INTERREG, ferramenta fundamental da Unión Europea para a cooperación, por medio do Programa Europeo de Cooperación Transfronteirizo POCTEP. Este programa financia os obxectivos estratéxicos e investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal e, á vista das solicitudes presentadas, foi a área de cooperación con maior dinamismo da fronteira.

En liña con isto, a Eurorrexión ten sido a área mais beneficiada tanto no número de proxectos (85) como na proporción de fondos do Programa captados (mais de 163 Millóns €).

No ultimo Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal celebrado o 28 do pasado mes de xullo, aprobouse o novo PIC 2021/2027, adaptado ás prioridades definidas pola UE e ás especificidades da nosa Eurorrexión.

O PIC foi revisado tanto pola Xunta de Galicia como pola CCDR-N e, posteriormente sometido a información pública coa finalidade de que tódolos axentes puidesen dar as súas contribucións, incorporándose a maior parte das achegas formuladas. Tamén foi obxecto dunha webinar informativa a cargo da GNP-AECT dirixida aos axentes sociais, institucionais e empresariais que traballan na área da cooperación transfronteiriza con Portugal.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

O PIC 2021-2027 está estruturado en 4 eixos, 10 prioridades estratéxicas e ata 48 prioridades de investimento:

• Eixo 1. Unha Eurorrexión máis competitiva e conectada que aposta pola innovación, na dixitalización e na internacionalización como ferramentas para a creación de emprego de mellor calidade.

• Eixo 2. Unha Eurorrexión máis ecolóxica e descarbonizada para afrontar o cambio ambiental global e a transición enerxética xusta.

• Eixo 3. Unha Eurorrexión máis social, integradora, resiliente e segura para encarar o desafío demográfico e ás ameazas á saúde pública.

• Eixo 4. Unha Eurorrexión máis cohesionada en beneficio da cidadanía**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:31
Nº Rexistro: 21734
Data envio: 15/09/2021 12:02:31.006

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 12:02:27

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:47
Nº Rexistro: 21736
Data envio: 15/09/2021 12:02:47.178
Data 15/09/2021 12:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7773**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o balance global da Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia e Norte de Portugal no período 2017-2020"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos xerais que desde a Presidencia galega da Comunidade de Traballo se propuxeron como claves para este mandato, non só se alcanzaron senón que se superaron amplamente.

Os catro elementos fundamentais a destacar no período de Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal (CT-GNP) da Xunta de Galicia, son, entre outros: A actividade da AECT Galicia Norte Portugal, que se converteu en referente das demais AECT da Península Ibérica, a xestión dun Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza, cofinanciado pola Unión Europea, que supuxo, ata agora, a aprobación dun investimento total na Eurorrexión de 163 millóns de euros en 85 proxectos, ao longo das catro convocatorias nas que participou, o impulso á cooperación de proximidade entre cidades da fronteira, coa creación de dúas novas eurocidades e dunha nova AECT e o acercamento ao ámbito lusófono, seguindo as pautas da Lei Paz Andrade.

O balance de traballo nas comisións é moi satisfactorio, de feito, aparte das reunións da Asemblea Xeral coas Comisións houbo numerosas reunións de traballo para intercambio de información e seguimento das actividades.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:47
Nº Rexistro: 21736
Data envio: 15/09/2021 12:02:47.178

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

A Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal consensúan regularmente uns documentos cun conxunto de demandas que fan chegar aos gobernos español e portugués para que sexan tidas en conta na Cimeira Ibérica.

Estas propostas son un reflexo das necesidades na Eurorrexión. Do froito deste traballo xurdiron solucións a problemas tan transcendentais como a aposta común para que Europa puxera fin ao roaming; a coordinación en materia de loita contra os incendios forestais; a mellora das estruturas ferroviarias, en concreto a do Tren Vigo – Oporto (con paradas en Tui-Valença, Viana do Castelo e Braga–Nine; ou a introdución dun billete único); a posta en marcha dun sistema de interoperabilidade nas autovías portuguesas; medidas para facilitar a mobilidade dos traballadores transfronteirizos; promoción dos contornos da Reserva da Biosfera Gerês-Xurés e do estuario do rio Miño, entre outros**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:47
Nº Rexistro: 21736
Data envio: 15/09/2021 12:02:47.178

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 12:02:44

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21538
Data envio: 13/09/2021 15:08:51.923
Data 13/09/2021 15:08

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7916**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que ten previsto realizar a Xunta de Galicia en relación coa necesidade dun patio exterior ao aire libre na residencia de maiores de Burela"** (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego ten coñecemento do estado no que se atopan todos os seus centros e está continuamente levando a cabo medidas de adaptación e mellora para mantelos en bo estado e adaptarse ás necesidades sociais cambiantes, así como para preservar o confort e seguridade de traballadores e usuarios; con máis intensidade nestes momentos nos que a pandemia da Covid-19 está afectando ás condicións das persoas usuarias destes centros.

En concreto, ante o coñecemento da situación acerca da necesidade dun espazo exterior ao aire libre susceptible de uso por parte das persoas usuarias da residencia de maiores de Burela, a Xunta de Galicia iniciou as actuacións administrativas e técnicas para aproveitar o patio existente na actualidade no inmoble que alberga as dependencias do centro adscrito á Consellería de Política Social.

A obra executouse totalmente e foi recepcionada de conformidade no mes de marzo de 2021.

Así mesmo, unha vez realizado o peche, realizáronse reformas e reparacións do mobiliario existente nese entorno, e para mellora da accesibilidade. Á súa vez estase a instalar unha pérgola para protexer do sol ás persoas usuarias**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21538
Data envio: 13/09/2021 15:08:51.923

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 15:08:48

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:16
Nº Rexistro: 21912
Data envio: 16/09/2021 13:38:16.863
Data 16/09/2021 13:38

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7923**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"se a Xunta de Galicia vai establecer e aprobar un protocolo de actuación específico para os supostos nos que se dean casos positivos de covid-19 entre a tripulación dos barcos que chegan aos nosos peiraos, no que se definan claramente as competencias e funcións"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Conforme ao sinalado no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola non quedou suspendida e, foi declarada esencial polo Goberno central.

Vista a situación, as actuacións do sector, acompañadas pola Xunta de Galicia, foron encamiñadas a manter e garantir a realización da actividade e a protección das persoas profesionais do mar.

A actuación da Consellería do Mar na protección da nosa xente do mar empezou no minuto un desa situación, iniciada o sábado 14 de marzo de 2020.

O 15 de marzo, emitíanse por parte da Consellería do Mar unha xeira de recomendacións de medidas a adoptar nos barcos de pesca e nas lonxas onde descargan as súas capturas. Na pesca, estas recomendacións de seguridade e hixiene para evitar contaxios a bordo serviron para ter unhas liñas a seguir, especialmente namentres non houbese outras emitidas pola administración competente na prestación e atención sanitaria a bordo dos barcos.

Galicia puxo a disposición do sector máis de 50.000 máscaras e incluso prestou material aos buques do ISM.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:16
Nº Rexistro: 21912
Data envio: 16/09/2021 13:38:16.863

Dende a Consellería do Mar actuamos demandado ao Ministerio de Sanidad a entrega de equipos de prevención aos servizos e actividades esenciais con preferencia sobre outras actividades ás que se lle distribuíron na súa volta ao traballo logo do peche total das actividades, cousa que se fixo o 14 de abril.

Por outro lado, e no relativo á realización de test aos tripulantes dos barcos, dende o Goberno autonómico se preguntou varias veces, sen resposta satisfactoria, por unha solución á posibilidade de realización destas probas preventivas antes do embarque.

A Consellería do Mar e o sector quixeron saber, sen éxito, o alcance e marxe de aplicación da Orde SND/344/2020 (que regulaba a disposición e uso de test), sen aclarar as posibilidades (positiva ou negativa) de que as entidades do sector ou os armadores puidesen comprar test.

Deste xeito, desde a Xunta promoveuse a posibilidade de que a realización das probas de detección puidera ser desenvolvidas de forma privada polos armadores ou ben ser incardinadas na función desenvolvida polo ISM no relativo aos recoñecementos médicos previos ao embarque, así como na formación sanitaria para os tripulantes.

A favor desta posibilidade xogaban (amais da propia competencia que ten o ISM sobre a sanidade a bordo dos buques) tamén os seguintes factores:

- A cobertura sanitaria que o ISM posúe ao longo do litoral español.
- O rexistro das tripulacións e o coñecemento previo do seu embarque, o que facilita a programación e organización das probas.
- O coñecemento dos antecedentes e historiais médicos dos tripulantes e outros profesionais do mar.

Esta petición nunca foi atendida nin respondida de forma axeitada polo Goberno central a pesar de ter as competencias neste ámbito.

Contra isto a Xunta xestionou dous procedementos importantes para a frota:

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:16
Nº Rexistro: 21912
Data envio: 16/09/2021 13:38:16.863

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

• Realización de test a principios de maio para as tripulacións dos barcos galegos que se atopaban realizando a campaña da anchoa: máis de 400 tripulantes de 40 barcos que puideron testar a presencia do virus grazas ao apoio das confrarías vascas e cántabras e aos Servizos vasco e cántabro de saúde: por demanda e grazas á mediación do SERGAS.

• Sinatura, en xuño de 2020, dun convenio co ISM por parte do SERGAS e da Consellería do Mar.

Amais, e ante a primeira presencia de casos a bordo de buques se apuntou dende a Consellería do Mar que era necesario coordinar a actuación nestes casos.

Dende o primeiro momento a Consellería do Mar considerou necesario a xeración dun Protocolo específico para os casos de posibles enfermos de coronavirus a bordo de buques, distribuíndo as funcións en virtude das competencias e capacidades de cada departamento e xerándose así unha maior eficiencia e eficacia no uso dos medios dispoñibles e unha mellor atención ás tripulacións. Esta cuestión foi trasladada dende a Xunta de Galicia ao Ministro de Sanidad en dúas ocasión, concretamente o 27 de abril e o 5 de maio de 2020, sendo as respostas non conducentes á realización deste protocolo.

Xa que logo, a Consellería do Mar traballou diante do ISM e do Goberno central a respecto da necesidade de dotar dun protocolo de actuación fronte a casos de Covid-19 a bordo dos buques pesqueiros, se ben nunca chegaron a conseguilo, nas varias veces que o demandaron".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:16
Nº Rexistro: 21912
Data envio: 16/09/2021 13:38:16.863

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:38:13

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21940
Data envio: 16/09/2021 14:47:34.973
Data 16/09/2021 14:47

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8035**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia relativas ao descenso da produción dramática da ría de Ferrol e á situación das confrarías de Ferrol, Mugardos e Barallobre"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva investidos máis de 115 M€ no saneamento da ría de Ferrol desde o ano 2009. A ese investimento súmanse os 270 millóns de achega do Estado. Polo tanto, o Goberno galego mobilizou un investimento total de 385 millóns na ría de Ferrol que está a culminarse neste ano coas seguintes as partidas recollidas nos Orzamentos da Xunta para 2021 no saneamento da ría de Ferrol:

Saneamento da Malata: Investimento de 7,3 M€ nas obras.

Río Sardiña:Investimento é de 700.000 €

Saneamento do rural: Investimento plurianual de 3,2 millóns de euros

O Goberno galego ratifica o seu compromiso coa ría de Ferrol, que nos orzamentos da Consellería do Mar para o 2021 se materializa con 1,5 millóns de euros. Isto reflicte a disposición do Goberno galego a seguir traballando pola ría de Ferrol e polo marisqueo.

Este é un cometido no que vén traballando o Goberno autonómico desde o ano 2009 con diferentes actuacións e medidas. Entre elas as obras de saneamento que permitiron mellorar a clasificación microbiolóxica de catro das nove zonas marisqueiras e non empeorar en ningunha e que repercutiron na cifra de permisos de explotación marisqueira.

Ademais o Executivo autonómico está a desenvolver labores xunto coa Estación Biolóxica da Graña para sumar esforzos no coñecemento das circunstancias que minoran a produción

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 14:47:28

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21940
Data envio: 16/09/2021 14:47:34.973

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

da ría.

Neste labor a favor do sector marítimo-pesqueiro da zona, o único apoio co que contou a Xunta foi o da Autoridade Portuaria de Ferrol.

Neste sentido, hai que lembrar que en setembro de 2018 a Delegación do Goberno en Galicia anunciou ás confrarías que ía encargar un informe ao Centro de Estudios e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) sobre os sedimentos da ría de Ferrol, un estudo que, segundo respostas ofrecidas no Senado, non se ten nin iniciado.

O último informe coordinado polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) sobre a evolución do banco das Pías, na Ría de Ferrol, constata que se produciu unha mellora nas taxas de recrutamento de ameixa que a Xunta atribúe ás distintas accións desenvoltas na zona desde 2019.

O documento destaca que o plan de xestión do banco marisqueiro das Pías, así como a implantación dunha veda temporal e os controis máis estritos dos exemplares capturados permitiron recuperar os recrutamentos desde niveis inferiores a un individuo xuvenil por cada reprodutor a valores superiores a seis xuvenís por cada exemplar adulto.

Desde a Consellería do Mar mantívose unha xuntanza a finais do mes de xuño deste ano cos representantes das confrarías da ría de Ferrol no cal se avaliou a situación do marisqueo na zona e visitaron o banco das Pías, onde se realizan traballos de achega de áridos no marco do plan de xestión deseñado para mellorar a súa produción**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21940
Data envio: 16/09/2021 14:47:34.973

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:47:28

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21777
Data envio: 15/09/2021 14:11:47.610
Data 15/09/2021 14:11

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 8218,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de prorrogar o selamento de oficio das demandas de emprego mentres existan medidas restritivas da mobilidade ou de acceso aos edificios administrativos"**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Desde o Servizo Público de Emprego de Galicia séguese a traballar de xeito comprometido e constante para promover as comunicacións entre demandantes de emprego e administración por medios telemáticos, máis ca nunca agora que a situación derivada da covid-19, fixo necesario adiantarse e fomentar novos medios que fagan que ese avance telemático unha realidade nos servizos administrativos de cara á cidadanía, e neste caso, sobre todo, habilite funcionalidades e solucións necesarias e eficaces para os demandantes de emprego.

Desde as oficinas de emprego estase a facer fincapé na información exhaustiva, directa e comprensible de novos xeitos de acceder a diferentes trámites, impulsando a información e fomentando á utilización de medios dixitais para realizar os trámites habituais en emprego Galicia.

Desde o pasado ano e debido á situación provocada pola covid-19, intensificouse o traballo e dedicación ao iniciar un programa de titorización dixital para ás persoas demandantes de emprego, a través do cal o persoal de orientación do Servizo Público de Emprego presta as nocións básicas de utilización do correo electrónico e de navegación pola web, nocións precisas para empregar os seus servizos, e que estaban dedicadas a facilitar o acceso ás persoas con baixas habilidades dixitais.

A partir do 1 de xaneiro do 2021 recuperouse a necesidade de renovar a demanda para acreditar o interese en manter a inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/09/2021 14:11:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21777
Data envio: 15/09/2021 14:11:47.610

Por isto, e para facer fronte a esta nova situación, desde Emprego Galicia tomáronse unha serie de medidas a efectos de corrixir posibles incidencias, por exemplo:

- Envío masivo de correos electrónicos e SMS con información para as persoas inscritas. Publicación no portal web e nas redes sociais da información sobre a necesidade da renovación da demanda, os medios e as datas para facelo.

- Habilitouse a renovación da demanda a través do portal sen necesidade de usuario e contrasinal, empregando unicamente o identificador do DNI ou NIE e un PIN xerado e enviado automaticamente ás persoas demandantes inscritas.

- Habilitouse a renovación a través do teléfono de información 012 (981 900 643).

Xunto a estas medidas mantívose a renovación a través da app MOBEM, dos puntos de información e da oficina virtual empregando usuario e contrasinal.

Ademais ata o 30 de xuño de 2021, para facilitar a transición á necesidade da renovación da demanda, desde Emprego Galicia recuperouse, sen necesidade de xustificación, as demandas de emprego de todas as persoas que comunicaron algún problema na renovación, xa sexa descoñecemento, esquecemento ou outro motivo, e manifestaron a súa vontade de permanecer inscritas en Emprego Galicia.

Froito de todo este esforzo de comunicación, adaptación a nova realidade xerada tralo impacto da pandemia e motivado polas necesidades constantes de mellora, eficacia e resolución, grazas ao desenvolvemento destas novas vías de renovación da demanda, pódese amosar a evolución da renovación das demandas de emprego do ano 2019 e 2021 nas diferentes provincias galegas:

Renovacións	2019		2021	
	Oficina	Telemáticos	Oficina	Telemáticos
A Coruña	58,14 %	41,86 %	16,29 %	83,71 %
Lugo	75,94 %	24,06 %	26,89 %	73,11 %
Ourense	74,97 %	25,03 %	26,45 %	73,55 %
Pontevedra	72,91 %	27,09 %	19,44 %	80,56 %

Cos datos antes referidos pódese comprobar e acreditar que se conseguiu non só dar un servizo urxente e necesario para a cidadanía dun xeito novo, próximo e accesible senón que tamén grazas a esa adaptación e creación de novos medios, solucións e ferramentas, duplicouse e incluso se

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21777
Data envio: 15/09/2021 14:11:47.610

triplicou a utilización dos medios telemáticos desde o ano 2019 ao ano 2021 polo que a renovación da demanda se está a realizar con normalidade repercutindo en modo positivo na implementación e innovación dos servizos públicos e dando a resposta axeitada e eficaz que os demandantes de emprego necesitan."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21777
Data envio: 15/09/2021 14:11:47.610

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 14:11:44

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21537
Data envio: 13/09/2021 15:08:44.126
Data 13/09/2021 15:08

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 9214,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación sanitaria e laboral da factoría PSA en Vigo"**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Desde o inicio da pandemia o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) a través da Unidade de referencia covid-19 levou a cabo actuacións de asesoramento ao sector da automoción a través do Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) e con PSA. Dentro destas actuacións, inclúense as seguintes:

- Revisión a principios de abril do 2020 do protocolo de medidas de contención reforzadas de PSA Group que foi deseñado polo seu servizo de prevención de riscos laborais. A maior parte das aportacións que se fixeron dende o ISSGA foron incorporadas ao protocolo. Desde PSA indícase que este protocolo foi revisado cos delegados de prevención da empresa.
- Revisión do protocolo de referencia sectorial para as empresas de CEAGA en base ao protocolo de PSA e tendo en conta as inquietudes e aportacións das empresas. Incorporación das achegas formuladas polo ISSGA.
- Participación en reunións do clúster para aclarar dúbidas sobre as medidas contidas nos protocolos. Asesoramento específico en relación ás máscaras e equipos de protección.
- Resposta ás consultas formuladas por escrito sobre as medidas de prevención e protección e intercambio de documentación procedente de fontes de información relevantes.
- Revisión en xuño do 2020 do axuste de medidas fronte á COVID-19 con motivo do proceso de desescalada de PSA no que o Issga tamén prestou asesoramento técnico coa remisión de aportacións ao protocolo.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 15:08:40

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21537
Data envio: 13/09/2021 15:08:44.126

Ademais destas actuacións co CEAGA e con PSA, tamén se realizaron outras actuacións encamiñadas á elaboración de documentación técnica coas medidas ante a covid-19. Como resultado deste traballo, na páxina web do ISSGA pódese atopar información actualizada en relación coas medidas dirixidas a evitar o risco de contaxio nos centros de traballo, destacando neste caso os seguintes documentos:

- Prevención e saúde laboral ante o coronavirus na industria da automoción
- Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus
- Medidas para minimizar o risco de transmisión do SARS-CoV-2 por aerosois

No que se refire a vixilancia do cumprimento das medidas preventivas e da adecuada xestión dos casos de contaxio, hai que indicar que o día 3 de xullo de 2020 recibiuse no centro do ISSGA de Pontevedra un escrito conxunto dos sindicatos CUT e CIG en relación ao incumprimento do protocolo de PSA con motivo do proceso de desescalada e no que se solicitaba unha reunión coa xefatura territorial do ISSGA en Pontevedra.

Tanto este escrito como os sucesivos foron enviados tamén á Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) de Pontevedra, á Secretaría Xeral de Emprego e á Consellería de Sanidade.

Postos en contacto coa ITSS comunicáronnos que os feitos que se denuncian foron motivo de actuación por parte do devandito organismo e polo tanto o Issga como órgano de asesoramento técnico e pericial da ITSS, ponse a disposición desta para prestar o asesoramento que sexa preciso, non debendo interferir con outro tipo de actividade paralela. O 8 de xullo de 2020 déuselles resposta á CUT e á CIG explicando os motivo polos que non procedía a actuación por parte deste organismo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21537
Data envio: 13/09/2021 15:08:44.126

O Goberno Galego leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e a identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, porque a igualdade e a non discriminación son o principio de transversalidade que rexe cada unha das áreas de actuación da Xunta de Galicia. E neste sentido, cómpre destacar que Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei (a lei 2/2014 do 14 de abril) que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21933
Data envio: 16/09/2021 14:46:30.317

Unha mostra máis de que a inclusión social plena é unha das prioridades deste Goberno. E para alcanzar a plena igualdade e a non discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, a Xunta de Galicia xa traballa man a man coas organizacións que forman parte do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e con todas aquelas organizacións con representación na nosa comunidade, fomentando accións de normalización e visibilización do colectivo LGTBI.

Mostra disto son os convenios de colaboración, concretamente seis, que se firman coas entidades Arelas, Casco (Comité Antisida A Coruña), Nós Mesmas, Alas Coruña, Les Coruña e Pvlse LGTBIQ+). Estes convenios comezaron a asinarse no ano 2016 e no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organización e colectivos LGTBI.

O obxectivo é apoiar ás organizacións e entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses de persoas gays, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais. En particular, levando a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións, e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI, como son campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre os recursos sociais e sanitarios, formación específica para o persoal das administracións públicas ou ben materiais didácticos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21933
Data envio: 16/09/2021 14:46:30.317

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:46:27

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21535
Data envio: 13/09/2021 15:08:29.298
Data 13/09/2021 15:08

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 14386,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o ofrecemento polo Goberno galego, a través da área de Igualdade, dalgún tipo de apoio, acompañamento ou asesoramento ás mulleres afectadas pola difusión en páxinas web pornográficas das imaxes gravadas durante a Maruxaina 2019"**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O 7 de abril de 2021, celebrouse unha sesión Plenaria do Consello Galego das Mulleres, onde se presentou a solicitude feita pola asociación de 'Mulleres en Igualdade de Burela (Bumei)', en contra do ditame do xulgado de Viveiro referido ás gravacións feitas e difundidas logo da festa da Maruxaina en 2019 e en apoio ás afectadas por este feito.

Por parte da Presidencia do pleno do Consello Galego das Mulleres proponse que se acorde unha nota de rexeitamento destas situacións e de apoio ás afectadas pola gravación da Maruxaina, sen prexuízo do respecto as decisión xudiciais; sendo unánime a declaración adoptada polas persoas membro do Consello.

Asemade, o día 16 de abril de 2021, convócase un Pleno da Comisión de Publicidade Sexista de Galicia, dependente do Observatorio Autonómico contra a Violencia de Xénero, onde se trata sobre os feitos acontecidos na romaría da Maruxaina no Concello de Cervo.

En primeiro lugar, destacar a importancia de dar conta de dous casos que, se ben non teñen por obxecto directamente a publicidade sexista, si que afectan ao tratamento da igualdade por razón de xénero nos medios audiovisuais e, neste contexto, exponse a necesidade e conveniencia de modificar o *Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de*

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 15:08:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21535
Data envio: 13/09/2021 15:08:29.298

xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, para acoller a análise de novas formas agresións, sobre todo as que se producen a través da internet e outros feitos que van máis alá da publicidade sexista ampliando tanto as funcións como a propia denominación da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista.

Polo que de acordo con todos os membros trátase a problemática en torno ás gravacións efectuadas durante a romaría da Maruxaina en agosto de 2019 e publicadas en páxinas web de contido pornográfico. Despois de que tanto as persoas directamente afectadas como asociacións de mulleres presentaran demanda xudicial polos feitos descritos, o xuíz instrutor decidiu arquivar o caso, ao entender que non existían indicios de delito porque as imaxes foron captadas na vía pública.

Como se dixo con anterioridade, a Asociación de Mulleres de Burela (Bumei), que forma parte do Consello Galego das Mulleres, levou este asunto ao pleno do consello que se celebrou o pasado 7 de abril, no cal se trasladou o rexeitamento e condena dos feitos, así como o seu apoio incondicional ás mulleres afectadas, acordando solicitar do Estado o desenvolvemento urxente de toda clase de medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que perseguen a erradicación deste tipo de accións.

Deste xeito, proponse á Comisión a adopción dun pronunciamento similar ao acordado no pleno do Consello Galego das Mulleres, para trasladar este asunto ás autoridades competentes na materia, como o 'Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades', o 'Observatorio Estatal contra la Violencia de Género' e a Delegación do Goberno en Galicia.

As persoas integrantes da Comisión acordan proceder ao traslado indicado anteriormente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21535
Data envio: 13/09/2021 15:08:29.298

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 15:08:20

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21932
Data envio: 16/09/2021 14:46:22.863
Data 16/09/2021 14:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 14499,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación co emprego e co Servizo Público de Emprego de Galicia"**, (publicada no BOPG número 130, do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Desde o Servizo Público de Emprego de Galicia estase a realizar un esforzo na mellora da intermediación laboral.

En Emprego Galicia prestase un servizo público que ten como destinatarias as persoas demandantes de emprego e as empresas. O noso obxectivo é a mellora e a maior utilidade do Servizo Público de Emprego. Para isto nos últimos meses adoptáronse unha serie de medidas que producirán un aumento da intermediación laboral.

1. Servizo de Prospección laboral. Actualmente contase¡ con persoal prospector nas oficinas de emprego de Galicia en contacto co tecido empresarial para asesorar, informar e captar ofertas de emprego de empresas, xestorías e asociacións de empresas.
2. No pasado mes de maio lanzouse a nova oficina virtual para as empresas. Este portal web permite ás empresas achegar as súas ofertas de emprego de xeito sinxelo e seguro. Unha vez recibida a oferta, a oficina de emprego contacta coa empresa para a definición concreta da oferta e informar do proceso e do funcionamento do servizo público.
3. No mesmo mes aprobouse unha nova instrución de ofertas que se centra en mellorar a calidade da xestión, fomentando o contacto coa empresa para prestar información, na difusión de todas as ofertas no portal de emprego, e procura maximizar as posibilidades de éxito na intermediación mediante un novo esforzo de comprobación da dispoñibilidade das persoas demandantes de emprego que realizan desde as oficinas de emprego.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 14:46:18

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21932
Data envio: 16/09/2021 14:46:22.863

4. Creouse un novo formulario de solicitude de oferta, para os supostos nos que se empreguen outros medios diferentes á oficina virtual de empresas. Tamén elaboráronse documentos informativos, claros, concisos e sinxelos para que as oficinas de emprego e o persoal de prospección os empreguen nas comunicacións que reciban ou emitan por correo electrónico. Nestes documentos explícase todo o proceso de intermediación laboral e tanto o servizo de prospección como a oficina de emprego competente póñense a disposición da entidade oferente para resolver dúbidas.

En canto a mellora da empregabilidade das persoas demandantes de emprego e a necesidade dunha análise do mercado de traballo para poder realizar os itinerarios de inserción, desde a Consellería de Emprego e Igualdade estase a planificar unha nova ferramenta informática de big data e intelixencia artificial que posibilitará, tanto ao persoal do Servizo Público de emprego de Galicia como á persoa demandante de emprego a través da oficina virtual de emprego, consultar e valorar máis axeitadamente as súas necesidades para orientar con maiores posibilidades de éxito a súa intermediación laboral.

Ao mesmo tempo, desde o grupo de traballo estatal de EURES - ESCO lévase anos traballando, xunto co resto de países da Unión Europea, na transición desde un sistema de intermediación baseado en ocupacións a un sistema de intermediación a través de competencias. Dada a importancia desta transición, e a necesidade de coordinación estatal e comunitaria entre todos os territorios afectados, estanse a seguir as indicacións e os tempos indicados no grupo de traballo estatal."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21932
Data envio: 16/09/2021 14:46:22.863

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:46:18

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21664
Data envio: 14/09/2021 14:49:30.113
Data 14/09/2021 14:49

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14634**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do impulso de medidas específicas de compensación económica para a poboación traballadora e para os sectores económicos afectados polo peche da fronteira entre Galicia e Portugal a consecuencia da covid-19"**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"A Agrupación Europea de Cooperación Territorial de Galicia – Norte de Portugal (AECT, GNP) elaborou un documento para a "Reactivación da cooperación de proximidade na fronteira do norte de Portugal con Galicia como resposta aos efectos da Covid-19".

As propostas presentadas teñen en conta o marco e a definición de obxectivos descritos no Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) 21-27, así como as propostas de normativa comunitaria que enmarcarán a política de cohesión europea no período 2021-2027, o Next Generation EU e os instrumentos de planificación estratéxica previstos para os dous territorios.

Para a elaboración destas propostas, someteuse a consultas e tomáronse en conta os comentarios e as contribucións formuladas por outros actores da cooperación, especialmente polas AECTs e Eurocidades da fronteira, así como aqueloutros axentes da cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21664
Data envio: 14/09/2021 14:49:30.113

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

O Plenario da Comunidade de Traballo Galicia- Norte de Portugal ven de aprobar, no mes de xullo deste ano, o novo "Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión 2021-2027", no que se contempla dun xeito especial o apoio ás zonas de fronteira **".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21664
Data envio: 14/09/2021 14:49:30.113

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:49:26

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:43:12
Nº Rexistro: 21837
Data envio: 16/09/2021 10:43:12.535
Data 16/09/2021 10:43

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 14697,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación coas condicións salariais e laborais do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña"**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O 11 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urxente 15673 sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento galego.

Segundo o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Traballadores, e no seu artigo 82 referido a "concepto e eficacia", establécese o seguinte:

- Os convenios colectivos, como resultado da negociación desenvolta polos representantes dos traballadores e dos empresarios, constitúen a expresión do acordo libremente adoptado por eles en virtude da súa autonomía colectiva.
- Mediante os convenios colectivos, e no seu ámbito correspondente, os traballadores e empresarios regulan as condicións de traballo e de produtividade. Igualmente poderán regular a paz laboral a través das obrigacións que se pacten.
- Os convenios colectivos regulados por esta lei obrigan a todos os empresarios e traballadores incluídos dentro do seu ámbito de aplicación e durante todo o tempo da súa vixencia.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 10:43:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:43:12
Nº Rexistro: 21837
Data envio: 16/09/2021 10:43:12.535

A Administración autonómica non pode nin debe inmiscirse nas negociacións que se manteñen entre a patronal e os traballadores. Porén, sempre intenta garantir que os traballadores saiban que teñen á súa disposición tanto a Dirección Xeral de Relacións Laborais como o Consello Galego de Relacións Laborais, para calquera consulta técnica, xestión ou axuda na negociación coa patronal.

Respecto ás condicións que garante a Xunta de Galicia a través dos contratos mantidos para a limpeza dos edificios administrativos de titularidade autonómica na provincia da Coruña, que ademais de respectar as condicións establecidas no convenio colectivo, as mellora:

- Así, en canto á retribución mensual (12 mensualidades) o convenio provincial establece 1.298,98 € e Xunta paga 1.438,62 €. É dicir, un 10,7% máis.
- Tamén ofrece un complemento mensual por antigüidade (ao persoal cunha media de 6 trienios) de 187,5 €. Condición que non se contempla no convenio provincial.
- En canto á posibilidade de dispoñer de días por asuntos propios, a Xunta ofrece 11 días retribuídos mentres que non se contempla ningún no convenio provincial.
- No relativo ás vacacións, teríamos por unha banda os 30 días naturais do convenio provincial e por outra o mes natural máis dous días adicionais da Xunta.
- E por último, no referido á xornada de traballo, habería que comparar as 39 horas semanais do convenio provincial fronte as 37,5 horas semanais durante 9 meses e as 30 horas semanais durante 3 meses que estipula a Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:43:12
Nº Rexistro: 21837
Data envio: 16/09/2021 10:43:12.535

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:43:09

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21663
Data envio: 14/09/2021 14:49:22.206
Data 14/09/2021 14:49

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14854**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a implantación de escolas infantís nos centros de traballo"** (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, vén realizando unha aposta firme e decidida polo acceso á educación infantil na etapa 0-3 como ferramenta imprescindible de conciliación para as familias galegas.

Froito desta aposta aprobáronse nos últimos anos as seguintes actuacións, que fan de Galicia unha comunidade autónoma pioneira no ámbito da conciliación:

- O incremento de prazas na etapa educativa entre 0 e 3 anos;

- A posta en marcha do Bono Concilia, para facilitar o acceso a unha praza 0-3 para aquelas nais e pais que non obteñen unha praza nunha escola pública;

- A creación da rede de casas-niño no rural, un proxecto pioneiro en España para facilitar a atención educativa en concellos de menos de 5.000 habitantes onde non existe recurso de conciliación, e que está sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia

- E, por suposto, a aprobación da gratuidade na matrícula e na atención educativa para o segundo fillo e sucesivos nas escolas 0-3, unha medida que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en adoptar e que se está a aplicar en todas as escolas infantís da Comunidade Autónoma con independencia da súa titularidade.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21663
Data envio: 14/09/2021 14:49:22.206

Todas estas medidas teñen como obxectivo facilitar que todas as familias galegas, sexa cal sexa o seu lugar de residencia, poidan acceder a unha praza nunha escola infantil. E grazas a estas medidas, Galicia é unha das comunidades autónomas coa maior ratio de escolarización na etapa 0-3 de toda España.

Ademais, no caso concreto dos empregados públicos, Galicia conta desde hai anos cun procedemento específico para o ingreso ou renovación de praza en escolas infantís 0-3 para fillas/os do persoal da Xunta de Galicia. Este procedemento vai dirixido a fillos e fillas do persoal dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da Xunta de Galicia en escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais da localidade onde presta servizos.

En todo caso, desde a Xunta de Galicia estase a analizar a posibilidade de poñer en marcha novas escolas infantís e espazos de conciliación en grandes centros de traballo onde a demanda deste recurso así o requira**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21663
Data envio: 14/09/2021 14:49:22.206

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:49:18

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21662
Data envio: 14/09/2021 14:49:14.519
Data 14/09/2021 14:49

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15330**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as declaracións da conselleira de Política Social relativas á protección e tutela de menores"** (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O sistema de inclusión da Comunidade Autónoma de Galicia encárgase de garantir que as familias galegas podan cubrir as necesidades básicas dos fillos e fillas. Neste sentido, tanto as distintas prestacións tramitadas pola Comunidade Autónoma, como os programas desenvoltos polos servizos sociais de base comunitaria, contribúen a paliar as posibles dificultades económicas das familias.

En calquera caso, nunca e baixo ningunha circunstancia a Consellería de Política Social realiza intervencións de separación de familias en función da súa capacidade económica, e polo tanto en ningún momento se asumiu medida de protección nin recurso de acollemento nin familiar nin residencial por motivos económicos.

Este é un principio fundamental do ordenamento xurídico no eido da protección da infancia e que forma parte de todas as actuacións que realiza a Administración nesta materia, sendo especialmente escrupuloso na aplicación do artigo 18 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, no que se establece claramente que "a situación de pobreza dos proxenitores, titores ou gardadores non poderá ser tida en conta para a valoración da situación de desamparo".

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21662
Data envio: 14/09/2021 14:49:14.519

Neste sentido, a Consellería de Política Social vén apostando nos últimos anos polo acollemento familiar, realizando un intenso traballo de cara á potenciación deste recurso de protección e á mellora das condicións nas que as familias acolledoras afrontan este reto tan importante e impagable.

Con todo, dende a Consellería de Política Social trabállase intensamente na priorización do acollemento familiar fronte a calquera outro recurso e, sobre todo, potenciando o acollemento en familia extensa como xeito de garantir o mantemento dos nenos, nenas e adolescentes no seu entorno máis próximo e favorecer ás reintegracións familiares sempre que iso sexa posible.

Cómpre aclarar que a posición da Conselleira de Política Social nesta materia foi explicitada pola propia conselleira na entrevista á que se alude na pregunta, xa que afirmou textualmente o seguinte: “O noso deber é estar ao carón de todas as familias que o están a pasar mal, para dotalas de todos os recursos que necesiten para poder sacar aos seus fillos adiante; que todos os pais poidan quedar cos seus fillos, que é o que queremos, pero temos que facer un traballo intenso con todas as entidade sociais que coñecen moi ben os casos, que nos trasladan cada día eses casos de familias que teñen necesidades, e o noso deber é estar ao seu carón”. E esta posición xa foi tamén trasladada ás dúas entidades que remitiron o escrito motivo da pregunta**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21662
Data envio: 14/09/2021 14:49:14.519

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:49:11

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21931
Data envio: 16/09/2021 14:46:14.613
Data 16/09/2021 14:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 15368,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para pór en marcha un procedemento que permita a corrección progresiva da linguaxe sexista da lexislación autonómica actualmente en vigor"**, (publicada no BOPG número 134, do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"A erradicación do uso da linguaxe sexista está recoñecida dentro do ordenamento xurídico galego. Así, o vixente Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dedícalle o capítulo II so seu título I a regular a erradicación do uso sexista da linguaxe, establecendo no seu artigo 11 a definición do uso non sexista da linguaxe e regulando no artigo 12 a erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social.

Tal e como se indica na exposición de motivos da pregunta parlamentaria, para garantir a utilización dunha linguaxe normativa non sexista, no informe de impacto de xénero que, de acordo co artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, debe acompañar ás proposicións de lei e os proxectos de lei presentados no Parlamento de Galicia, inclúese unha análise da linguaxe normativa desde o punto de vista do xénero, efectuándose no devandito informe as recomendacións necesarias para garantir a erradicación do uso da linguaxe sexista, tal e como se esixe legalmente.

Non obstante, esta revisión do uso da linguaxe sexista non se efectúa unicamente coas normas con rango de lei, senón tamén coas normas de rango regulamentario, tal e como se establece no artigo 8 do indicado Decreto lexislativo 2/2015. De acordo con este precepto, o

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 14:46:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21931
Data envio: 16/09/2021 14:46:14.613

artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de febreiro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prevé así mesmo a emisión do informe de impacto de xénero dentro do procedemento para a aprobación dos regulamentos autonómicos con repercusións en cuestións de xénero.

En desenvolvemento da indicada normativa, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 establece como unha prioridade de actuación do goberno autonómico 'consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas', ao entender que unha gobernabilidade renovada, que aposte claramente pola integración do principio de igualdade de mulleres e homes, debe reflectirse nunha comunicación institucional que utilice unha linguaxe e imaxes inclusivas. A proxección da administración galega no conxunto da sociedade a través dos seus contidos comunicativos ten que basearse no uso dunha linguaxe, mensaxes e contidos visuais que contribúan á transformación social, afastados de estereotipos sexistas configurados a partir dunha asignación de roles e valores diferenciados en función do sexo. Deste xeito, a revisión da utilización dunha linguaxe inclusiva non queda limitada a este ámbito, senón que se estende ao conxunto da produción documental da Administración autonómica, revisándose ademais das normas, tamén outros actos administrativos, informes, publicacións, etc, reforzando os coñecementos do persoal da administración autonómica a través de distintas actividades de formación continúa neste eido.

Cítanse na pregunta como exemplos de utilización dunha linguaxe sexista, que aínda subsisten no ordenamento xurídico autonómico, a institución do Valedor do Pobo.

En relación co anterior é preciso ter en conta, tal e como se indicou anteriormente, que é unha prioridade de actuación do goberno autonómico 'consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas', non obstante, isto debe levarse a cabo con pleno respecto aos principios de legalidade e de xerarquía normativa. Así, a denominación actual do Valedor do Pobo, institución regulada a nivel lexislativo pola Lei 6/1984, do 5 de xuño, ven establecida polo artigo 14 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que á súa vez fai referencia expresa á institución do 'Defensor del Pueblo' prevista no artigo 54 da Constitución Española. Nin o artigo 54 da Constitución Española nin a Lei orgánica 3/1981, do 6 abril, pola que se regula a institución do 'Defensor del Pueblo' teñen modificado aínda a súa denominación para adaptarse ao previsto no artigo 14.11ª da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en relación á

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21931
Data envio: 16/09/2021 14:46:14.613

utilización dunha linguaxe normativa non sexista, mantendo actualmente a denominación de 'Defensor del Pueblo', á que se remite o Estatuto de Autonomía de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21931
Data envio: 16/09/2021 14:46:14.613

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:46:11

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:43:04
Nº Rexistro: 21836
Data envio: 16/09/2021 10:43:04.926
Data 16/09/2021 10:43

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 15574,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto dos despedimentos que se produciron no Grupo Cándido Hermida"**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"A finais do mes de maio, e a petición da CIG mantense unha reunión con representantes do sindicato CIG e posteriormente coa representación da empresa, a cal confirma os despidos e informa que estes foron obxecto de demanda ante a xurisdición social e se está a espera das sentencias."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 10:43:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:43:04
Nº Rexistro: 21836
Data envio: 16/09/2021 10:43:04.926

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:43:01

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21930
Data envio: 16/09/2021 14:46:06.785
Data 16/09/2021 14:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15609**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a urxencia da dragaxe do río Lérez"**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 27 de abril de 2021, a presidenta de Portos de Galicia trasladaba ás confrarías de Pontevedra, a decisión do Goberno central de non permitir máis depósitos de áridos ata a realización dun estudo de alternativas no punto de depósito que o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico tiña autorizado con carácter permanente no exterior da ría de Arousa. Esta decisión afecta ao conxunto das dragaxes previstas para todo o sur de Galicia e de xeito concreto ao proxecto de dragaxe do Lérez.

A presidenta de Portos de Galicia informou desta circunstancia aos patróns maiores das confrarías que xestionan a lonxa de Campelo -as de Pontevedra, Lourizán e Raxó-, así como ao presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores Pontevedra, que solicitaran unha entrevista con anterioridade a coñecerse a nova directriz estatal.

A presidenta de Portos de Galicia indicou que a decisión do Goberno central conleva unha nova tramitación para o depósito do material da dragaxe do Lérez dado que non poderá realizarse ata presentar ao Ministerio un estudo de alternativas ao punto que se viña utilizando desde 1998. Deste xeito, condiciona os avances da obra, que conta cunha partida orzamentaria na súa tramitación de 200.000 euros xa en execución para 2021. Ademais, durante os dous últimos anos, Portos de Galicia ten investido outros 200.000 euros na tramitación ambiental realizada para cambiar o punto de depósito da zona de Tambo, previsto inicialmente polo ente público, ao punto exterior denominado Sálvora.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 14:46:03

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21930
Data envio: 16/09/2021 14:46:06.785

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

Portos de Galicia está a impulsar con carácter urxente unha comisión técnica coas Autoridades Portuarias, dependentes de Portos do Estado e afectadas tamén pola decisión do Ministerio de Transición Ecolóxica, para propoñer posibles alternativas para un novo punto de depósito. Este traballo ten carácter prioritario para o ente público autonómico dado que a autorización dun punto de depósito estable é condición necesaria para a viabilidade dos proxectos de dragaxe de toda a franxa costeira desde Muros cara ao sur.

Dende Portos de Galicia se propuxo ao sector a creación dunha mesa de traballo coas confrarías de pescadores a través da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, as organizacións de produtores e outras entidades profesionais xunto coas administracións implicadas para afondar nas alternativas para axilizar ao máximo e con garantías a autorización do novo punto de depósito dos materiais a dragar**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21930
Data envio: 16/09/2021 14:46:06.785

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:46:03

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21927
Data envio: 16/09/2021 14:45:42.520
Data 16/09/2021 14:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 15799,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da posible convocatoria de folga no sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña"**, (publicada no BOPG número 138, do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O 11 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urxente 15673 sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento galego.

Segundo o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Traballadores, e no seu artigo 82 referido a "concepto e eficacia", establécese o seguinte:

- Os convenios colectivos, como resultado da negociación desenvolta polos representantes dos traballadores e dos empresarios, constitúen a expresión do acordo libremente adoptado por eles en virtude da súa autonomía colectiva.
- Mediante os convenios colectivos, e no seu ámbito correspondente, os traballadores e empresarios regulan as condicións de traballo e de produtividade. Igualmente poderán regular a paz laboral a través das obrigacións que se pacten.
- Os convenios colectivos regulados por esta lei obrigan a todos os empresarios e traballadores incluídos dentro do seu ámbito de aplicación e durante todo o tempo da súa vixencia.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

79250
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 14:45:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21927
Data envio: 16/09/2021 14:45:42.520

A Administración autonómica non pode nin debe inmiscirse nas negociacións que se manteñen entre a patronal e os traballadores. Porén, sempre intenta garantir que os traballadores saiban que teñen á súa disposición tanto a Dirección Xeral de Relacións Laborais como o Consello Galego de Relacións Laborais, para calquera consulta técnica, xestión ou axuda na negociación coa patronal.

Respecto ás condicións que garante a Xunta de Galicia a través dos contratos mantidos para a limpeza dos edificios administrativos de titularidade autonómica na provincia da Coruña, que ademais de respectar as condicións establecidas no convenio colectivo, as mellora:

- Así, en canto á retribución mensual (12 mensualidades) o convenio provincial establece 1.298,98 € e Xunta paga 1.438,62 €. É dicir, un 10,7% máis.
- Tamén ofrece un complemento mensual por antigüidade (ao persoal cunha media de 6 trienios) de 187,5 €. Condición que non se contempla no convenio provincial.
- En canto á posibilidade de dispoñer de días por asuntos propios, a Xunta ofrece 11 días retribuídos mentres que non se contempla ningún no convenio provincial.
- No relativo ás vacacións, teríamos por unha banda os 30 días naturais do convenio provincial e por outra o mes natural máis dous días adicionais da Xunta.
- E por último, no referido á xornada de traballo, habería que comparar as 39 horas semanais do convenio provincial fronte as 37,5 horas semanais durante 9 meses e as 30 horas semanais durante 3 meses que estipula a Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21927
Data envio: 16/09/2021 14:45:42.520

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:45:39

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21534
Data envio: 13/09/2021 15:08:08.627
Data 13/09/2021 15:07

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 16023,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsions da Xunta de Galicia en relación co estado do protocolo de actuacións sobre delitos sexuais do Partido Xudicial de Santiago de Compostela"**, (publicada no BOPG número 140 do 19 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"De acordo coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a violencia sexual e os abusos sexuais constitúen unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as persoas vítimas de violencia sexual e abusos sexuais teñen a condición de vítimas de violencia de xénero.

Ao amparo deste marco lexislativo, e como parte dos traballos realizados polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero (GT4.- Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual), estudouse, en colaboración co partido xudicial de Santiago de Compostela, a posibilidade de elaborar un protocolo de actuación ante delitos de violencia sexual, que sería de aplicación no ámbito xudicial.

Consciente da singularidade da violencia sexual e dos abusos sexuais como unha forma específica de violencia de xénero, dentro da enquisa sobre a percepción da violencia de xénero en Galicia, presentada en novembro de 2020, dedicouse un apartado específico á violencia sexual, cuxos resultados revelan que, en relación aos motivos que a cidadanía considera como desencadeamento da violencia sexual, o maior grao de acordo (todos por enriba do 80%) maniféstase co 'machismo imperante na sociedade', os 'problemas psicolóxicos ou mentais dos agresores', a 'falta de autocontrol do agresor' e o 'abuso de

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/09/2021 15:07:58

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21534
Data envio: 13/09/2021 15:08:08.627

alcohol e drogas' dos agresores. Menor consideración obteñen os que se poden definir como motivos vinculados directamente ao comportamento sexual.

Polo tanto, o Goberno galego continúa a achegar esforzos e recursos para darlle unha atención específica e especializada ás vítimas de delitos sexuais. Neste senso, no eido da atención ás vítimas de violencia sexual, ademais de seguir operativo o Servizo de apoio psicolóxico a vítimas de violencia sexual, priorizando o mantemento e o contacto permanente con todas as usuarias, tamén se manteñen todos os programas específicos destinados á súa atención, como o Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, desenvolvido pola Fundación Meniños en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, cuxas destinatarias son mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, que mostran desaxustes físicos, emocionais, condutuais e de relación como consecuencia do abuso, así como os seus familiares ou persoas que, baixo o consentimento da vítima, teñen un papel imprescindible na súa recuperación, e cuxo obxectivo é promover o seu desenvolvemento dun contexto de seguridade e de prevención de novas situacións traumáticas; acompañar ás mulleres na adquisición de información e habilidades para afrontar as consecuencias do abuso; elaborar dunha narrativa adecuada do trauma e promover a integridade da identidade e benestar bio-psico-social.

Estes programas compleméntanse co desenvolvemento de accións de sensibilización e prevención, así como de atención e apoio a vítimas de violencia sexual e trata, mediante convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro, pertencentes á Rede Galega contra a Trata.

Compre sinalar tamén a posta en funcionamento da App Agresión OFF: Eu digo non á violencia sexual', unha App da Xunta de Galicia desenvolta en colaboración co Colexio de Enxeñería de Galicia, con información útil e consellos para evitar e prever agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información, que inclúe un decálogo contra a violencia sexual e un directorio, así como teléfonos e información.

Por outra banda, sinálase que no marco do Grupo de traballo 1, constituído dentro do Observatorio Galego da violencia de Xénero, levouse a cabo o deseño e redacción do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar a coordinación e colaboración entre as

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21534
Data envio: 13/09/2021 15:08:08.627

distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero e garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren.

Como recurso complementario a este protocolo, a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa AMTEGA, puxo en marcha o Mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero. Na xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do 20 de marzo de 2018, incorporáronse ao texto do Protocolo as achegas realizadas pola Fiscalía Xeral do Estado, e validouse definitivamente o dito Protocolo. Dentro do protocolo identificáronse propostas de mellora e recomendacións dirixidas a cada unha das áreas obxecto de estudo e análise. Así, establécense propostas no eido da formación e da capacitación nas áreas sanitaria, das forzas e corpos de seguridade, xurídica e social. Así mesmo, tamén se identifican propostas de actuación no eido da atención das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, dirixidas a cada unha desas áreas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21534
Data envio: 13/09/2021 15:08:08.627

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 15:07:58

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:57
Nº Rexistro: 21835
Data envio: 16/09/2021 10:42:57.410
Data 16/09/2021 10:42

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 16263,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións realizadas polo Goberno galego para evitar ou minimizar o expediente de regulación e emprego da mercantil H&M en Galicia e para posibilitar que sexa negociado por territorios"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O 26 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 15759 sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Pleno do Parlamento galego.

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzRkNTdjYWQtYWUzZi00YTE4LThlMTMtMGJhM2NmNDMzNTA3&start=755

Para Galicia, o comercio en xeral e o comercio de proximidade moi en particular é unha peza esencial da economía e do emprego. Así, traballamos para dar a máxima cobertura posible ás necesidades dos autónomos e as pemes galegas do sector, mediante actuacións que van desde axudas directas ao sector, axudas ao fomento do consumo, ou para modernizar e dixitalizar o sector do comercio."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 10:42:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:57
Nº Rexistro: 21835
Data envio: 16/09/2021 10:42:57.410

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:42:51

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:47
Nº Rexistro: 21834
Data envio: 16/09/2021 10:42:47.301
Data 16/09/2021 10:42

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 16870,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa constitución dunha Mesa Galega do Emprego no Grupo Industria de Diseño Textil S.A."**, (publicada no BOPG número 152 do 6 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"En xullo do 2021 mantivéronse reunións coa dirección de RRHH do grupo Inditex, e manifestaron que non se van a pechar tendas en Galicia durante o ano 2021. Así mesmo, trasladóuselles a petición de mantemento do maior número posible de tendas en Galicia.

O grupo ten constituído unha mesa informativa con reunións trimestrais sobre o peche de tendas en Galicia coas organizacións sindicais asinantes do acordo de outubro do 2020, CCOO e UXT."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 10:42:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:47
Nº Rexistro: 21834
Data envio: 16/09/2021 10:42:47.301

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:42:41

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:35
Nº Rexistro: 21833
Data envio: 16/09/2021 10:42:35.504
Data 16/09/2021 10:42

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 17097,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galiza acerca do cumprimento da lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero"**, (publicada no BOPG número 155 do 16 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 22 de xuño a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urxente número de rexistro 17281 sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero á proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento de Galicia.

Sobre este asunto cabe destacar que Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei (lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia) que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

A Xunta de Galicia está a traballar da man das asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. De feito, o pasado 6 de xullo o Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero referendou un comunicado no que amosa o seu firme compromiso por acadar unha Galicia inclusiva, xusta, igualitaria e tolerante, na que non se admitan retrocesos na protección dos dereitos das persoas LGTBI.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 10:42:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:35
Nº Rexistro: 21833
Data envio: 16/09/2021 10:42:35.504

O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é un órgano colexiado, con carácter consultivo e de participación social. Está integrado pola Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UXT, CCOO, CDIF e CIG e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Ademais é un órgano aberto á participación de todas as entidades que traballan na Comunidade na defensa do colectivo LGTBI, e conta actualmente con presenza de Nós Mesmas, Casco A Coruña, A.L.A.S. A Coruña, LesCoruña, Avante LGTB, Chrysallis Galicia, Pvlse de Vigo e a Rede educativa de apoio LGTBI+ de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:35
Nº Rexistro: 21833
Data envio: 16/09/2021 10:42:35.504

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:42:31

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21926
Data envio: 16/09/2021 14:45:29.254
Data 16/09/2021 14:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 17315,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego contra a violencia machista"**, (publicada no BOPG número 158, do 23 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Os asasinatos machistas en España poñen de manifesto que a violencia de xénero é unha lacra que non coñece de barreiras territoriais, administrativas, xeracionais, económicas nin de ningún outro tipo, e que lle afecta a todos os estratos sociais e a todo o conxunto do Estado español, polo que é preciso seguir profundando na colaboración de todas as administracións públicas implicadas, estatais, autonómicas e locais, así como de toda a cidadanía para erradicar a lacra da violencia machista.

Neste sentido, o 19 de febreiro de 2021 reuniuse o Grupo de Traballo 4, 'Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual', constituído dentro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, coa finalidade de proporlle ás entidades integrantes do grupo de traballo unha relación de boas prácticas no ámbito da prevención e o tratamento da violencia sexual e solicitar a súa colaboración para obter achegas, suxestións e propostas para orientar a elaboración de estratexias, materiais de traballo ou calquera outra ferramenta que axude a previr a violencia sexual e a mellorar o apoio ás súas vítimas.

Ademais o 22 de febreiro de 2021, reuniuse o Pleno do Observatorio Autonómico, no que se deu conta do Plan de reforzo da atención ás vítimas de xénero durante o estado de alarma 2020, do resultado da enquisa percepción social da violencia de xénero en Galicia 2020 e informouse sobre as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero executadas ao longo de 2019, entre outras actuacións.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 14:45:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21926
Data envio: 16/09/2021 14:45:29.254

Así mesmo, o 16 de abril de 2021 tivo lugar a sexta reunión da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista, órgano dependente do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, coa finalidade de dar conta das últimas denuncias presentadas en materia de publicidade sexista e asesorar e orientar ás entidades, asociacións e demais axentes publicitarios para eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e incorporar accións positivas que cooperen na erradicación de todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas.

Por outra banda, no contexto da pregunta parlamentaria, tanto a formación en igualdade como a educación afectivo-sexual son dúas medidas non só fundamentais, senón tamén básicas, para loitar contra a violencia de xénero, e así está recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que dentro do seu título I, dedicado á prevención da violencia de xénero, regula de xeito específico no capítulo II a formación en materia de violencia de xénero e no capítulo III as medidas no ámbito educativo.

Deste xeito, un ano máis a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, convocou o programa de actividades de formación continua en materia de igualdade e violencia de xénero do ano 2021, dirixido ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais, da Administración institucional e da Administración de xustiza de Galicia, das entidades locais e de administración e servizos das tres universidades do Sistema universitario de Galicia. Xunto a este programa da EGAP deben terse en conta as actuacións formativas específicas en materia de violencia de xénero que realizan outros organismos e entidades do sector público autonómico dirixidos ao seu persoal, como o SERGAS, a Axencia Galega de Seguridade Pública ou a Consellería Cultura, Educación e Universidades.

Así mesmo, no ámbito educativo e en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidades, a Secretaría Xeral da Igualdade está desenvolver novamente dous programas educativos dentro do denominado Plan Proxecta: ‘Por 365 días de respecto e igualdade’ e ‘Donas de si’. O programa ‘Por 365 días de respecto e igualdade’ está destinado para alumnado de ESO, Bacharelato, FP e adultos e o seu obxectivo principal é proporcionarlle ás mozas e mozos galegos, desde a escola, formación e ferramentas que lles permitan coñecer e recoñecer a violencia contra as mulleres, e actuar na súa prevención, fomentando a autoestima, a autonomía, o coñecemento da construción social das súas identidades sexuais e a asignación de roles, o que permitirá traballar na eliminación de estereotipos sexistas e de

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21926
Data envio: 16/09/2021 14:45:29.254

falsas crenzas. Este programa reforzarase no curso 2021-2022 cunha nova ferramenta virtual 'Algo entre Nós', plataforma interactiva que alberga recursos e materiais centrados na prevención da violencia machista no contexto das relacións sexuais e afectivas de adolescentes.

Pola súa banda, 'Donas de si', destinado ao alumnado de primaria, ESO, Bacharelato, ciclos e adultos, ten como obxectivo principal a visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico, científico e cultural e se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias.

Ademais, no que respecta á educación afectivo-sexual, o programa 'Quérote+', desenvolvido pola Consellería de Política Social, a través dunha colaboración entre os centros de ensino e os centros Quérote+, busca dotar de ferramentas ao profesorado para o desenvolvemento persoal do alumnado no seu proceso de crecemento e maduración no ámbito da educación para a convivencia entre os sexos (educación sexual, modelos de amor e de parella, uso das tecnoloxías nas relacións...). Para acadar o tratamento curricular da educación afectivo-sexual integral e lograr un maior impacto educativo, o programa propón realizar un proxecto interdisciplinario integrado en distintas programacións didácticas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21926
Data envio: 16/09/2021 14:45:29.254

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:45:15

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:23
Nº Rexistro: 21832
Data envio: 16/09/2021 10:42:23.692
Data 16/09/2021 10:42

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar polo Pleno- **número 17355,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto do reforzo dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista"**, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Coa finalidade de solucionar a problemática reflectida no informe remitido o Parlamento sobre o impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre mulleres e homes. Durante o período de pandemia no pasado ano 2020, e durante este ano 2021, continuaron realizándose e manténdose todas actuacións autonómicas en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, medidas que se viron reforzadas durante a declaración do estado de alarma para non deixar ás mulleres desprotexidas con motivo da situación de pandemia.

Finalizado o estado de alarma en España, lanzouse a campaña co lema "Seguimos en alerta fronte á violencia de xénero", para reforzar a idea de que os servizos públicos seguían operativos e estaban ao 100% do seu rendemento, unha mensaxe para non baixar a garda, e tras o estado de alarma e deixar claro que a sociedade e as institucións seguen en alerta fronte a violencia de xénero.

Polo tanto, é importante salientar o mantemento de todos os servizos de información, atención e prevención da violencia machista, e facer chegar ás mulleres vítimas e a toda a sociedade que eses servizos seguen plenamente operativos e á súa disposición a pesar das medidas e restricións consecuencia da pandemia da covid-19.

Respecto dos Centros de Información ás Mulleres, sinalar que, de acordo co Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 10:42:13

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:23
Nº Rexistro: 21832
Data envio: 16/09/2021 10:42:23.692

acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, son un recurso de titularidade municipal, polo tanto, correspóndelle ás entidades locais (concellos, mancomunidades, etc) a iniciativa da súa creación, sendo competencia da Xunta de Galicia verificar os requisitos para o seu recoñecemento e acreditación. A finais do ano 2020 acreditouse un novo CIM no Concello de O Pereiro de Aguiar e a principios do ano 2021 no Concello de Carballeda de Avia, ambos os dous na provincia de Ourense, pasando a estar constituída a rede de CIM por un total de 84 centros espallados por toda a xeografía galega, con representación nas catro provincias.

Porén, se temos en conta que unha parte dos CIM representan a unha mancomunidade ou a unha agrupación de municipios, conclúese que o número de concellos de Galicia que reciben a prestación dos servizos a través dos CIM é moi superior achegándose a un número total de 191 concellos de Galicia (61% do total de concellos de Galicia). Ademais en termos poboacionais a poboación total do ámbito territorial que abrangue os 84 CIM alcanza unha cifra total de 2.191.658 habitantes, que representa o 81% da poboación total.

Neste eido, o goberno autonómico mantén un programa de apoio aos CIM, mediante unha convocatoria anual de axudas para estes centros. No orzamento do ano 2020 convocáronse axudas para os CIM por un importe total de 4.836.766€ e no ano orzamento do 2021 o importe da convocatoria ascendeu a 4.959.894€, o cal amosa o compromiso do goberno autonómico no apoio ás entidades locais na prevención e loita contra a violencia de xénero, contribuíndo así ao financiamento e sostemento dos CIM como recurso de titularidade municipal.

Respecto dos recursos de acollemento, sinalar que ante a situación de indefensión na que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos e as súas fillas, a Xunta de Galicia ten articulada unha rede de casas de acollida, que están interconectadas entre si. En colaboración cos concellos e outras institucións vense prestando este servizo en distintas localidades das catro provincias galegas.

Así mesmo, mantense unha estreita colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

Por último, é preciso facer referencia a outros recursos de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, xa que a Secretaría xeral da Igualdade convocou no 2020 axudas e subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o financiamento de programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, nas que un dos tipos

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:23
Nº Rexistro: 21832
Data envio: 16/09/2021 10:42:23.692

de programa subvencionados son os Programas de recursos integrais de atención personalizada e especializada para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou varios colectivos nos que concorra dita situación (entre os que que están as vítimas de violencia de xénero).

Ademais, Galicia está adherida ao Protocolo Nacional de derivación entre as comunidades autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida para as mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas.

No marco do Grupo de traballo 1, constituído dentro do Observatorio Galego da violencia de Xénero, levouse a cabo o deseño e redacción do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, para facilitar a coordinación e colaboración entre as distintas entidades e axentes que interveñen no eido da violencia de xénero e garantir unha atención integral ás mulleres e menores que a sofren.

Como recurso complementario a este protocolo, a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa AMTEGA, puxo en marcha o Mapa de recursos en liña na área da violencia de xénero. Na xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do 20 de marzo de 2018, incorporáronse ao texto do Protocolo as achegas realizadas pola Fiscalía Xeral do Estado, e validouse definitivamente o dito Protocolo. Dentro do protocolo identificáronse propostas de mellora e recomendacións dirixidas a cada unha das áreas obxecto de estudo e análise. Así, establécense propostas no eido da formación e da capacitación nas áreas sanitaria, das forzas e corpos de seguridade, xurídica e social. Así mesmo, tamén se identifican propostas de actuación no eido da atención das mulleres e menores que sofren violencia de xénero, dirixidas a cada unha desas áreas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:42:23
Nº Rexistro: 21832
Data envio: 16/09/2021 10:42:23.692

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:42:13

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21678
Data envio: 14/09/2021 14:51:26.019
Data 14/09/2021 14:51

ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7174,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista de Galicia, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas preventivas adoptadas por Renfe no tren da liña Ourense Santiago de Compostela"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

A Xunta vén reclamando con insistencia a necesidade de que a oferta dos servizos ferroviarios en Galicia responda ás demandas dos galegos e que esa oferta de servizos de tren garanta o dereito á mobilidade que ten Galicia.

Con este obxectivo ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19. Unha petición reiterada tras a finalización do estado de alarma e das conseguintes restricións da mobilidade o pasado 9 de maio.

Ademais do restablecemento de servizos, a Xunta ten requirido ao Goberno de España en numerosas ocasións que lle facilite información actualizada e pormenorizada das previsións de restablecemento de servizos e, aínda que algúns cambios foron comunicados, non coa rapidez nin co nivel de detalles que serían desexables.

O transporte ferroviario é unha competencia do Goberno central e, en consecuencia, tamén o establecemento das medidas de prevención a implantar por mor da pandemia da covid-19.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21678
Data envio: 14/09/2021 14:51:26.019

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:51:22

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:41
Nº Rexistro: 21915
Data envio: 16/09/2021 13:38:41.004
Data 16/09/2021 13:38

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7333**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"os danos causados por non permitir pescar en días que poderían ter sido hábiles"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O labor desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permite que Galicia conte co programa de control das zonas de produción de moluscos máis intensivo de Europa e que poida protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. O centro realizou preto de 74.500 análises en 2020 e emitiu preto de 7.000 resolucións de apertura e peche de zonas e informes de seguridade alimentaria cumprindo en todo momento e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis. Ademais o Intecmar é o único laboratorio europeo que ten toda a información en tempo real na súa web a disposición de investigadores e cidadáns.

En canto as resolucións de apertura e peche das zonas de produción son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas e notifícanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios entre os que se atopan asociacións de produtores de mexillón, confrarías de pescadores, depuradores ou cocedoiros, entre outros. Lembrar que o traballo do centro vai desde sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente cumprindo todo o establecido en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños así como na protección e mellora da calidade do medio mariño.

O Intecmar establece os peches e aperturas das zonas de produción en base aos controis

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:38:37

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:41
Nº Rexistro: 21915
Data envio: 16/09/2021 13:38:41.004

que realiza e que, nalgúns casos, pódense decretar peches cautelares por precaución de acordo co propio sector e mantendo o exhaustivo seguimento das zonas que adoita realizar, superando con moito a frecuencia mínima fixada pola lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Lembrar, que a Unión Europea estableceu o denominado como método químico como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar. Así, ata o 31 de decembro de 2014 este método conviviu en Galicia e en Europa co do bioensaio, pero dende o ano 2015 o método químico é de aplicación única e exclusiva, con efectos legais.

Este cambio de método foi moi discutido desde o propio sector e por autoridades científicas e administracións, como é o caso de Galicia, chegando incluso á súa impugnación xudicial.

A Xunta sempre sostivo que o método químico é máis lento, non aporta maior seguridade para os consumidores, ten maior nivel de incerteza e que ademais é máis caro que o método do bioensaio que se empregou sempre en Galicia para detectar a presenza de calquera tipo de toxina**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:41
Nº Rexistro: 21915
Data envio: 16/09/2021 13:38:41.004

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:38:37

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:24
Nº Rexistro: 21913
Data envio: 16/09/2021 13:38:24.973
Data 16/09/2021 13:38

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7335**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os danos causados por non permitir pescar en días que poderían ter sido hábiles, como aconteceu recentemente en Noia"**, (publicada no BOPG número 74 do 12 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O labor desenvolvido polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) permite que Galicia conte co programa de control das zonas de produción de moluscos máis intensivo de Europa e que poida protexer a saúde pública e a calidade dos produtos galegos do mar. O centro realizou preto de 74.500 análises en 2020 e emitiu preto de 7.000 resolucións de apertura e peche de zonas e informes de seguridade alimentaria cumprindo en todo momento e adaptándose estritamente ás directrices da Unión Europea en materia de controis. Ademais o Intecmar é o único laboratorio europeo que ten toda a información en tempo real na súa web a disposición de investigadores e cidadáns.

En canto as resolucións de apertura e peche das zonas de produción son publicadas na páxina web do Intecmar no mesmo momento en que son emitidas e notifícanse de xeito inmediato por correo electrónico a máis de 500 destinatarios entre os que se atopan asociacións de produtores de mexillón, confrarías de pescadores, depuradores ou cocedoiros, entre outros. Lembrar que o traballo do centro vai desde sempre acorde coas demandas do sector e da normativa vixente cumprindo todo o establecido en materia de calidade da produción de moluscos e outros organismos mariños así como na protección e mellora da calidade do medio mariño.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:38:21

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:24
Nº Rexistro: 21913
Data envio: 16/09/2021 13:38:24.973

O Intecmar establece os peches e aperturas das zonas de produción en base aos controis que realiza e que, nalgúns casos, pódense decretar peches cautelares por precaución de acordo co propio sector e mantendo o exhaustivo seguimento das zonas que adoita realizar, superando con moito a frecuencia mínima fixada pola lexislación europea dunha mostraxe por semana.

Lembrar, que a Unión Europea estableceu o denominado como método químico como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar. Así, ata o 31 de decembro de 2014 este método conviviu en Galicia e en Europa co do bioensaio, pero dende o ano 2015 o método químico é de aplicación única e exclusiva, con efectos legais.

Este cambio de método foi moi discutido desde o propio sector e por autoridades científicas e administracións, como é o caso de Galicia, chegando incluso á súa impugnación xudicial.

A Xunta sempre sostivo que o método químico é máis lento, non aporta maior seguridade para os consumidores, ten maior nivel de incerteza e que ademais é máis caro que o método do bioensaio que se empregou sempre en Galicia para detectar a presenza de calquera tipo de toxina**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:24
Nº Rexistro: 21913
Data envio: 16/09/2021 13:38:24.973

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:38:21

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:55
Nº Rexistro: 21737
Data envio: 15/09/2021 12:02:55.444
Data 15/09/2021 12:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7772**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o balance global da Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal no período 2017-2020"**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"Os obxectivos xerais que desde a Presidencia galega da Comunidade de Traballo se propuxeron como claves para este mandato, non só se alcanzaron senón que se superaron amplamente.

Os catro elementos fundamentais a destacar no período de Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal (CT-GNP) da Xunta de Galicia, son, entre outros: A actividade da AECT Galicia Norte Portugal, que se converteu en referente das demais AECT da Península Ibérica, a xestión dun Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza, cofinanciado pola Unión Europea, que supuxo, ata agora, a aprobación dun investimento total na Eurorrexión de 163 millóns de euros en 85 proxectos, ao longo das catro convocatorias nas que participou, o impulso á cooperación de proximidade entre cidades da fronteira, coa creación de dúas novas eurocidades e dunha nova AECT e o acercamento ao ámbito lusófono, seguindo as pautas da Lei Paz Andrade.

O balance de traballo nas comisións é moi satisfactorio, de feito, aparte das reunións da Asemblea Xeral coas Comisións houbo numerosas reunións de traballo para intercambio de información e seguimento das actividades.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:55
Nº Rexistro: 21737
Data envio: 15/09/2021 12:02:55.444

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

A Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal consensúan regularmente uns documentos cun conxunto de demandas que fan chegar aos gobernos español e portugués para que sexan tidas en conta na Cimeira Ibérica.

Estas propostas son un reflexo das necesidades na Eurorrexión. Do froito deste traballo xurdiron solucións a problemas tan transcendentais como a aposta común para que Europa puxera fin ao roaming; a coordinación en materia de loita contra os incendios forestais; a mellora das estruturas ferroviarias, en concreto a do Tren Vigo – Oporto (con paradas en Tui-Valença, Viana do Castelo e Braga–Nine; ou a introdución dun billete único); a posta en marcha dun sistema de interoperabilidade nas autovías portuguesas; medidas para facilitar a mobilidade dos traballadores transfronteirizos; promoción dos contornos da Reserva da Biosfera Gerês-Xurés e do estuario do rio Miño, entre outros**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:55
Nº Rexistro: 21737
Data envio: 15/09/2021 12:02:55.444

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 12:02:51

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:39
Nº Rexistro: 21735
Data envio: 15/09/2021 12:02:39.725
Data 15/09/2021 12:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7777**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o balance de resultados do Plan de investimentos conxuntos para o período 2014-2020"**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"Fundamentalmente, o balance de resultados do PIC 2014-2020 desenvolveuse no marco do INTERREG, ferramenta fundamental da Unión Europea para a cooperación, por medio do Programa Europeo de Cooperación Transfronteirizo POCTEP. Este programa financia os obxectivos estratéxicos e investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal e, á vista das solicitudes presentadas, foi a área de cooperación con maior dinamismo da fronteira.

En liña con isto, a Eurorrexión ten sido a área mais beneficiada tanto no número de proxectos (85) como na proporción de fondos do Programa captados (mais de 163 Millóns €).

No ultimo Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal celebrado o 28 do pasado mes de xullo, aprobouse o novo PIC 2021/2027, adaptado ás prioridades definidas pola UE e ás especificidades da nosa Eurorrexión.

O PIC foi revisado tanto pola Xunta de Galicia como pola CCDR-N e, posteriormente sometido a información pública coa finalidade de que tódolos axentes puidesen dar as súas contribucións, incorporándose a maior parte das achegas formuladas. Tamén foi obxecto dunha webinar informativa a cargo da GNP-AECT dirixida aos axentes sociais, institucionais e empresariais que traballan na área da cooperación transfronteiriza con Portugal.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

O PIC 2021-2027 está estruturado en 4 eixos, 10 prioridades estratéxicas e ata 48 prioridades de investimento:

• Eixo 1. Unha Eurorrexión máis competitiva e conectada que aposta pola innovación, na dixitalización e na internacionalización como ferramentas para a creación de emprego de mellor calidade.

• Eixo 2. Unha Eurorrexión máis ecolóxica e descarbonizada para afrontar o cambio ambiental global e a transición enerxética xusta.

• Eixo 3. Unha Eurorrexión máis social, integradora, resiliente e segura para encarar o desafío demográfico e ás ameazas á saúde pública.

• Eixo 4. Unha Eurorrexión máis cohesionada en beneficio da cidadanía**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:39
Nº Rexistro: 21735
Data envio: 15/09/2021 12:02:39.725

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 12:02:36

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:23
Nº Rexistro: 21733
Data envio: 15/09/2021 12:02:23.084
Data 15/09/2021 12:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7822**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os plans de investimentos conxuntos da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal dos períodos 2014-2020 e 2021-2027"**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"Fundamentalmente, o balance de resultados do PIC 2014-2020 desenvolveuse no marco do INTERREG, ferramenta fundamental da Unión Europea para a cooperación, por medio do Programa Europeo de Cooperación Transfronteirizo POCTEP. Este programa financia os obxectivos estratéxicos e investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal e, á vista das solicitudes presentadas, foi a área de cooperación con maior dinamismo da fronteira.

En liña con isto, a Eurorrexión ten sido a área mais beneficiada tanto no número de proxectos (85) como na proporción de fondos do Programa captados (mais de 163 Millóns €).

No ultimo Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal celebrado o 28 do pasado mes de xullo, aprobouse o novo PIC 2021/2027, adaptado ás prioridades definidas pola UE e ás especificidades da nosa Eurorrexión.

O PIC foi revisado tanto pola Xunta de Galicia como pola CCDR-N e, posteriormente sometido a información pública coa finalidade de que tódolos axentes puidesen dar as súas contribucións, incorporándose a maior parte das achegas formuladas. Tamén foi obxecto dunha webinar informativa a cargo da GNP-AECT dirixida aos axentes sociais, institucionais e empresariais que traballan na área da cooperación transfronteiriza con Portugal.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

O PIC 2021-2027 está estruturado en 4 eixos, 10 prioridades estratéxicas e ata 48 prioridades de investimento:

• Eixo 1. Unha Eurorrexión máis competitiva e conectada que aposta pola innovación, na dixitalización e na internacionalización como ferramentas para a creación de emprego de mellor calidade.

• Eixo 2. Unha Eurorrexión máis ecolóxica e descarbonizada para afrontar o cambio ambiental global e a transición enerxética xusta.

• Eixo 3. Unha Eurorrexión máis social, integradora, resiliente e segura para encarar o desafío demográfico e ás ameazas á saúde pública.

• Eixo 4. Unha Eurorrexión máis cohesionada en beneficio da cidadanía**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:23
Nº Rexistro: 21733
Data envio: 15/09/2021 12:02:23.084

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 12:02:20

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21941
Data envio: 16/09/2021 14:47:42.551
Data 16/09/2021 14:47

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7897**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"se a Xunta de Galicia vai establecer e a probar un protocolo de actuación específico para os supostos nos que se dean casos positivos de covid-19 entre a tripulación dos barcos que chegan aos nosos peiraos no que se definan claramente as competencias e funcións"**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Conforme ao sinalado no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola non quedou suspendida e, foi declarada esencial polo Goberno central.

Vista a situación, as actuacións do sector, acompañadas pola Xunta de Galicia, foron encamiñadas a manter e garantir a realización da actividade e a protección das persoas profesionais do mar.

A actuación da Consellería do Mar na protección da nosa xente do mar empezou no minuto un desa situación, iniciada o sábado 14 de marzo de 2020.

O 15 de marzo, emitíanse por parte da Consellería do Mar unha xeira de recomendacións de medidas a adoptar nos barcos de pesca e nas lonxas onde descargan as súas capturas. Na pesca, estas recomendacións de seguridade e hixiene para evitar contaxios a bordo serviron para ter unhas liñas a seguir, especialmente namentres non houbese outras emitidas pola administración competente na prestación e atención sanitaria a bordo dos barcos.

Galicia puxo a disposición do sector máis de 50.000 máscaras e incluso prestou material aos buques do ISM.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21941
Data envio: 16/09/2021 14:47:42.551

Dende a Consellería do Mar actuamos demandado ao Ministerio de Sanidad a entrega de equipos de prevención aos servizos e actividades esenciais con preferencia sobre outras actividades ás que se lle distribuíron na súa volta ao traballo logo do peche total das actividades, cousa que se fixo o 14 de abril.

Por outro lado, e no relativo á realización de test aos tripulantes dos barcos, dende o Goberno autonómico se preguntou varias veces, sen resposta satisfactoria, por unha solución á posibilidade de realización destas probas preventivas antes do embarque.

A Consellería do Mar e o sector quixeron saber, sen éxito, o alcance e marxe de aplicación da Orde SND/344/2020 (que regulaba a disposición e uso de test), sen aclarar as posibilidades (positiva ou negativa) de que as entidades do sector ou os armadores puidesen comprar test.

Deste xeito, desde a Xunta promoveuse a posibilidade de que a realización das probas de detección puidera ser desenvolvidas de forma privada polos armadores ou ben ser incardinadas na función desenvolvida polo ISM no relativo aos recoñecementos médicos previos ao embarque, así como na formación sanitaria para os tripulantes.

A favor desta posibilidade xogaban (amais da propia competencia que ten o ISM sobre a sanidade a bordo dos buques) tamén os seguintes factores:

- A cobertura sanitaria que o ISM posúe ao longo do litoral español.
- O rexistro das tripulacións e o coñecemento previo do seu embarque, o que facilita a programación e organización das probas.
- O coñecemento dos antecedentes e historiais médicos dos tripulantes e outros profesionais do mar.

Esta petición nunca foi atendida nin respondida de forma axeitada polo Goberno central a pesar de ter as competencias neste ámbito.

Contra isto a Xunta xestionou dous procedementos importantes para a frota:

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21941
Data envio: 16/09/2021 14:47:42.551

• Realización de test a principios de maio para as tripulacións dos barcos galegos que se atopaban realizando a campaña da anchoa: máis de 400 tripulantes de 40 barcos que puideron testar a presencia do virus grazas ao apoio das confrarías vascas e cántabras e aos Servizos vasco e cántabro de saúde: por demanda e grazas á mediación do SERGAS.

• Sinatura, en xuño de 2020, dun convenio co ISM por parte do SERGAS e da Consellería do Mar.

Amais, e ante a primeira presencia de casos a bordo de buques se apuntou dende a Consellería do Mar que era necesario coordinar a actuación nestes casos.

Dende o primeiro momento a Consellería do Mar considerou necesario a xeración dun Protocolo específico para os casos de posibles enfermos de coronavirus a bordo de buques, distribuíndo as funcións en virtude das competencias e capacidades de cada departamento e xerándose así unha maior eficiencia e eficacia no uso dos medios dispoñibles e unha mellor atención ás tripulacións. Esta cuestión foi trasladada dende a Xunta de Galicia ao Ministro de Sanidad en dúas ocasión, concretamente o 27 de abril e o 5 de maio de 2020, sendo as respostas non conducentes á realización deste protocolo.

Xa que logo, a Consellería do Mar traballou diante do ISM e do Goberno central a respecto da necesidade de dotar dun protocolo de actuación fronte a casos de Covid-19 a bordo dos buques pesqueiros, se ben nunca chegaron a conseguilo, nas varias veces que o demandaron".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21941
Data envio: 16/09/2021 14:47:42.551

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:47:39

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21539
Data envio: 13/09/2021 15:08:59.329
Data 13/09/2021 15:08

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7900**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os contaxios por SARS-CoV-2 na residencia de maiores Asilo de Vilalba"** (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas residencias denomínanse Residencias Intervidas ou "con expediente de intervención", de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21539
Data envio: 13/09/2021 15:08:59.329

Cando se detecta un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

O Goberno galego interveu residencias desde o inicio da pandemia sempre que a calidade asistencial se viu comprometida e atendendo a criterios unicamente sanitarios.

Deste xeito, o 19 de novembro de 2020 a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social asinaron unha resolución conxunta pola que se acorda a intervención da Residencia de Persoas Maiores Asilo de Vilalba co fin de reforzar o persoal do centro. Unha vez avaliada a situación da residencia, ambas consellerías acordaron tomar esa medida para garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde tanto das persoas usuarias como das traballadoras e traballadores do centro.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21539
Data envio: 13/09/2021 15:08:59.329

Un equipo da Consellería de Política Social e outro do Servizo Galego de Saúde (Sergas) desprazáronse ao centro para facer un seguimento permanente sobre a situación dos residentes, así como para vixiar a correcta aplicación das medidas de prevención, seguridade e hixiene fronte á covid-19 aprobadas pola Xunta de Galicia. Os profesionais do Sergas tamén velaron pola continuidade dunha atención sanitaria axeitada na residencia.

A residencia xeriátrica Asilo de Vilalba non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado con covid-19**“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21539
Data envio: 13/09/2021 15:08:59.329

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2021 15:08:56

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21778
Data envio: 15/09/2021 14:11:56.298
Data 15/09/2021 14:11

ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7978,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista de Galicia, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"o proxecto de modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e O Porto"**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

O Goberno galego vén defendendo a necesidade de impulsar unha liña de alta velocidade entre Vigo, Porto e Lisboa que permita aproveitar ao máximo a potencialidade e as sinerxías da Eurorrexión e que contribúa ao desenvolvemento económico e social do Noroeste da Península Ibérica.

Unha demanda que recibiu o respaldo da Unión Europea ao aprobar un programa de investimentos que establece como actuación prioritaria a liña de alta velocidade Vigo-Porto.

Agora é imprescindible que o Goberno de España presente proxectos concretos ás convocatorias de fondos para impulsar a liña Vigo-Porto e o resto de actuacións estratéxicas para que o Corredor Atlántico de mercadorías se converta nunha oportunidade ben aproveitada para modernizar a rede ferroviaria galega.

Neste momento a Xunta de Galicia carece de calquera tipo de información oficial sobre os proxectos presentados polo Goberno de España ás convocatorias de fondos europeos para o impulso dos corredores europeos de mercadorías. E iso a pesar de que o Goberno de España comprometeuse co Goberno galego a elaborar un Plan director do Corredor Atlántico e a crear un comisionado para artellar o diálogo coas comunidades autónomas implicadas e cos axentes interesados. No momento no que se dá resposta a esta iniciativa, eses compromisos non se teñen cumprido nin a Xunta de

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

X21 22
79297
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/09/2021 14:11:52

Galicia ten recibido ningunha comunicación oficial sobre a previsión de cumprimento que baralla o Goberno central.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
X21 22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21778
Data envio: 15/09/2021 14:11:56.298

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 14:11:52

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:15
Nº Rexistro: 21732
Data envio: 15/09/2021 12:02:15.678
Data 15/09/2021 12:02

ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 7982,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista de Galicia, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a liña de ferrocarril Ferrol-Ribadeo"**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

A Xunta de Galicia ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos de tren que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas e mesmo con Portugal.

Dende o pasado 28 de marzo de 2020, só estaba operativo na liña Ferrol-Ribadeo un único servizo de ida e volta. Unha circunstancia que se mantivo ata o pasado 11 de xullo co obvio prexuízo ocasionado aos veciños e usuarios do tren das comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña Lucense

A demanda do restablecemento de servizos, tanto no que respecta ás frecuencias como aos traxectos, foi sempre acompañada pola petición de melloras nas infraestruturas, a dotación e mantemento do persoal necesario e a mellora do material rodante porque as unidades en servicio non deixan de protagonizar incidencias. O material rodante da liña Ferrol-Ribadeo precisa un plan de mantemento especial que foi solicitado pola Xunta e comprometido polo Goberno de España en decembro de 2018, pero que aínda non se cumpriu.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 15/09/2021 12:02:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:02:15
Nº Rexistro: 21732
Data envio: 15/09/2021 12:02:15.678

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 12:02:09

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21939
Data envio: 16/09/2021 14:47:24.207
Data 16/09/2021 14:47

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8087**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á rexeneración integral e recuperación da actividade marisqueira na ría de Ferrol"**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva investidos máis de 115 M€ no saneamento da ría de Ferrol desde o ano 2009. A ese investimento súmanse os 270 millóns de achega do Estado. Polo tanto, o Goberno galego mobilizou un investimento total de 385 millóns na ría de Ferrol que está a culminarse neste ano coas seguintes as partidas recollidas nos Orzamentos da Xunta para 2021 no saneamento da ría de Ferrol:

Saneamento da Malata: Investimento de 7,3 M€ nas obras.

Río Sardiña:Investimento é de 700.000 €

Saneamento do rural: Investimento plurianual de 3,2 millóns de euros

O Goberno galego ratifica o seu compromiso coa ría de Ferrol, que nos orzamentos da Consellería do Mar para o 2021 se materializa con 1,5 millóns de euros. Isto reflicte a disposición do Goberno galego a seguir traballando pola ría de Ferrol e polo marisqueo.

Este é un cometido no que vén traballando o Goberno autonómico desde o ano 2009 con diferentes actuacións e medidas. Entre elas as obras de saneamento que permitiron mellorar a clasificación microbiolóxica de catro das nove zonas marisqueiras e non empeorar en ningunha e que repercutiron na cifra de permisos de explotación marisqueira.

Ademais o Executivo autonómico está a desenvolver labores xunto coa Estación Biolóxica da Graña para sumar esforzos no coñecemento das circunstancias que minoran a produción

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21939
Data envio: 16/09/2021 14:47:24.207

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

da ría.

Neste labor a favor do sector marítimo-pesqueiro da zona, o único apoio co que contou a Xunta foi o da Autoridade Portuaria de Ferrol.

Neste sentido, hai que lembrar que en setembro de 2018 a Delegación do Goberno en Galicia anunciou ás confrarías que ía encargar un informe ao Centro de Estudios e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) sobre os sedimentos da ría de Ferrol, un estudo que, segundo respostas ofrecidas no Senado, non se ten nin iniciado.

O último informe coordinado polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) sobre a evolución do banco das Pías, na Ría de Ferrol, constata que se produciu unha mellora nas taxas de recrutamento de ameixa que a Xunta atribúe ás distintas accións desenvoltas na zona desde 2019.

O documento destaca que o plan de xestión do banco marisqueiro das Pías, así como a implantación dunha veda temporal e os controis máis estritos dos exemplares capturados permitiron recuperar os recrutamentos desde niveis inferiores a un individuo xuvenil por cada reprodutor a valores superiores a seis xuvenís por cada exemplar adulto.

Desde a Consellería do Mar mantívose unha xuntanza a finais do mes de xuño deste ano cos representantes das confrarías da ría de Ferrol no cal se avaliou a situación do marisqueo na zona e visitaron o banco das Pías, onde se realizan traballos de achega de áridos no marco do plan de xestión deseñado para mellorar a súa produción**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21939
Data envio: 16/09/2021 14:47:24.207

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:47:20

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:19
Nº Rexistro: 21845
Data envio: 16/09/2021 10:44:19.426
Data 16/09/2021 10:44

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 8216,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de prorrogar o selamento de oficio das demandas de emprego mentres existan medidas restritivas da mobilidade ou de acceso aos edificios administrativos"**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Desde o Servizo Público de Emprego de Galicia séguese a traballar de xeito comprometido e constante para promover as comunicacións entre demandantes de emprego e administración por medios telemáticos, máis ca nunca agora que a situación derivada da covid-19, fixo necesario adiantarse e fomentar novos medios que fagan que ese avance telemático unha realidade nos servizos administrativos de cara á cidadanía, e neste caso, sobre todo, habilite funcionalidades e solucións necesarias e eficaces para os demandantes de emprego.

Desde as oficinas de emprego estase a facer fincapé na información exhaustiva, directa e comprensible de novos xeitos de acceder a diferentes trámites, impulsando a información e fomentando á utilización de medios dixitais para realizar os trámites habituais en emprego Galicia.

Desde o pasado ano e debido á situación provocada pola covid-19, intensificouse o traballo e dedicación ao iniciar un programa de titorización dixital para ás persoas demandantes de emprego, a través do cal o persoal de orientación do Servizo Público de Emprego presta as nocións básicas de utilización do correo electrónico e de navegación pola web, nocións precisas para empregar os seus servizos, e que estaban dedicadas a facilitar o acceso ás persoas con baixas habilidades dixitais.

A partir do 1 de xaneiro do 2021 recuperouse a necesidade de renovar a demanda para acreditar o interese en manter a inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 10:44:16

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:19
Nº Rexistro: 21845
Data envio: 16/09/2021 10:44:19.426

Por isto, e para facer fronte a esta nova situación, desde Emprego Galicia tomáronse unha serie de medidas a efectos de corrixir posibles incidencias, por exemplo:

- Envío masivo de correos electrónicos e SMS con información para as persoas inscritas. Publicación no portal web e nas redes sociais da información sobre a necesidade da renovación da demanda, os medios e as datas para facelo.

- Habilitouse a renovación da demanda a través do portal sen necesidade de usuario e contrasinal, empregando unicamente o identificador do DNI ou NIE e un PIN xerado e enviado automaticamente ás persoas demandantes inscritas.

- Habilitouse a renovación a través do teléfono de información 012 (981 900 643).

Xunto a estas medidas mantívose a renovación a través da app MOBEM, dos puntos de información e da oficina virtual empregando usuario e contrasinal.

Ademais ata o 30 de xuño de 2021, para facilitar a transición á necesidade da renovación da demanda, desde Emprego Galicia recuperouse, sen necesidade de xustificación, as demandas de emprego de todas as persoas que comunicaron algún problema na renovación, xa sexa descoñecemento, esquecemento ou outro motivo, e manifestaron a súa vontade de permanecer inscritas en Emprego Galicia.

Froito de todo este esforzo de comunicación, adaptación a nova realidade xerada tralo impacto da pandemia e motivado polas necesidades constantes de mellora, eficacia e resolución, grazas ao desenvolvemento destas novas vías de renovación da demanda, pódese amosar a evolución da renovación das demandas de emprego do ano 2019 e 2021 nas diferentes provincias galegas:

Renovacións	2019		2021	
	Oficina	Telemáticos	Oficina	Telemáticos
A Coruña	58,14 %	41,86 %	16,29 %	83,71 %
Lugo	75,94 %	24,06 %	26,89 %	73,11 %
Ourense	74,97 %	25,03 %	26,45 %	73,55 %
Pontevedra	72,91 %	27,09 %	19,44 %	80,56 %

Cos datos antes referidos pódese comprobar e acreditar que se conseguiu non só dar un servizo urxente e necesario para a cidadanía dun xeito novo, próximo e accesible senón que tamén grazas a esa adaptación e creación de novos medios, solucións e ferramentas, duplicouse e incluso se

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:19
Nº Rexistro: 21845
Data envio: 16/09/2021 10:44:19.426

triplicou a utilización dos medios telemáticos desde o ano 2019 ao ano 2021 polo que a renovación da demanda se está a realizar con normalidade repercutindo en modo positivo na implementación e innovación dos servizos públicos e dando a resposta axeitada e eficaz que os demandantes de emprego necesitan."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:19
Nº Rexistro: 21845
Data envio: 16/09/2021 10:44:19.426

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:44:16

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21937
Data envio: 16/09/2021 14:47:05.473
Data 16/09/2021 14:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9303**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as medidas de apoio económico e financeiro que está a impulsar a Xunta de Galicia para as lonxas e vendedurías que están a sufrir as consecuencias económicas da covid 19"**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O labor de deseño e articulación de axudas para o sector marítimo-pesqueiro comezou de forma inmediata ao inicio da pandemia. O propio día 17 de marzo de 2020 elevábase desde a administración autonómica, en consenso coa Federación de Confrarías de Galicia, unha proposta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na que se facían constar demandas de apoio en varios eidos, entre os cales se atopaba o orzamentario e fiscal.

A nivel xeral, estas axudas manteñen a necesidade de cumprimento dun estrito marco normativo europeo a respecto da compatibilidade e procedencia das mesmas, especialmente cos fondos sectoriais de apoio e co de axudas de Estado, así como con prestacións xeradas no eido dos apoios de carácter sociolaboral.

Amais, demandouse unha modificación do FEMP que permitise utilizar de forma directa os fondos dispoñibles e os non utilizados ata o momento coa fin de aproveitar mellor o seu montante e non menoscabar máis aínda os fondos públicos estatais ou autonómicos (entendendo a súa maior aportación a medidas de emerxencia en saúde pública e a concesión de axudas directas).

Con carácter específico, sinalouse a importancia de modificar de forma inmediata a medida de paralización temporal para incluír as causadas por situación derivada da crise de saúde pública, incluíndo expresamente a todos os colectivos afectados (especialmente todas as modalidades de marisqueo a pé e outros colectivos relacionados directamente coa

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

actividade marítimo-pesqueira) e a necesidade da extensión de axudas ao sistema transformador e auxiliar do sector marítimo-pesqueiro (conserva, conxelado, depuración de moluscos, cocedoiros de marisco, etcétera) en orde a asegurar a correcta equiparación en caso de detención forzada da actividade.

Con isto procedeuse a articular unha xeira de axudas con fondos propios autonómicos e que levaron a prestar os apoios seguintes:

• Lonxas e entidades xestoras de lonxas, aos que se destinaron 600.000 euros e que tiña por fin paliar en parte as perdas xeradas pola caída de ingresos das entidades por causa da minoración de vendas nas mesmas. (DOG do 9 de xullo de 2020)

• Frota activa que tivese perdas pola mantenza da súa actividade durante a primeira etapa do estado de alarma, á que se destinaron 7,3 M€ e que tiña por obxectivo paliar parte das perdas xurdidas do mantemento da actividade durante ese período de confinamento. (DOG do 11 de xullo de 2020)

• Posteriormente convocáronse axudas específicas para a frota de palangre de superficie, afectada por esta situación e por normas propias de xestión e ordenación da pesquería, ás que se destinaron 3 M€.(DOG do 17 de novembro de 2020)

• Redeiras, ás que se destinaron 400.000 euros e que tiña por fin paliar en parte a caída de actividade e facturación durante a etapa de estado de alarma. (DOG do 11 de xullo de 2020)

Axudas con achega do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP): o Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), foi modificado polo Regulamento (UE) 2020/460 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de marzo de 2020, de forma que se estableceu unha posibilidade de axudas ao cesamento temporal da actividade pesqueira como consecuencia do brote do COVID-19, incorporando no mesmo ao marisqueo a pé e unha adecuación das posibilidades de axuda á transformación e á acuicultura. De forma xeral, a Xunta de Galicia, en consonancia coas peticións e indicacións de moitas entidades

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

asociativas do sector, traballou para adoptar unha planificación a medio e longo prazo en termos sociais e económicos, artellando xa en xuño de 2020 o Plan Avantemar.

Este Plan está armado en torno a 22 medidas que se integran en cinco liñas, que se centran na sostibilidade mediante a achega de liquidez e financiamento xeral, na dinamización mediante a achega de solvencia xeral a empresas e profesionais, na adecuación e sostemento de actividades conexas, na proxección e reorientación económica e comercial e na adecuación e flexibilización administrativa.

Todo isto conleva a inxección directa ou posta a disposición do sector de 77 millóns de euros, dos cales unha parte importante foron articulados mediante as xa sinaladas ordes de axudas para entidades xestoras de lonxas, redeiras, persoas mariscadoras a pé que cesaran a súa actividade e buques de pesca que seguisen traballando e que visen reflectida esa actividade en perdas.

Para estimular o consumo e identificar a importancia deste sector e da súa influencia na cadea de subministro de produtos alimenticios, a administración autonómica, en colaboración co sector, lanzou unha campaña de promoción en dobre vía que pretendeu animar á cidadanía a consumir produtos do mar e agradecer así o esforzo e a entrega dos nosos mariñeiros

A campaña é ‘Estamos todos no mesmo barco’ e concretamente no mes de maio de 2020 as grandes cadeas de distribución presentes en Galicia nos puntos de venta destas cadeas a Consellería do Mar repartiu 7.000 carteis, 7.000 vinilos e 24.000 letreiros promocionais que están expostos nas pescaderías deses supermercados.

En todo este material anímase a adquirir produtos pesqueiros que, entre outros beneficios saudables, teñen a particularidade de que achegan vitamina D necesaria na dieta, sobre todo nunha que se realiza en confinamento, e ao tempo axuda a recompensar o esforzo que están a realizar os profesionais do mar, que asumen riscos e continúan traballando para asegurar o abastecemento de alimentos de calidade á sociedade.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21937
Data envio: 16/09/2021 14:47:05.473

Tamén dende a Consellería do Mar, puxemos en marcha entre a xuventude a campaña Vai de Peixe de promoción do consumo de produtos do mar entre os millennials galegos, reformulouse e adaptouse ás circunstancias derivadas da alerta sanitaria polo coronavirus.

Dende o mes de xuño de 2020 ata principios de 2021 leváronse a cabo dentro desta campaña: charlas en directo en instagram, concursos, retos e sorteos que contaron coa colaboración dos catro influencers da iniciativa e se fixo unha difusión desta campaña con rostros coñecidos e recoñecidos galegos: a olímpica Ana Peleteiro, a presentadora Eva Iglesias e os youtubers Percebes e Grelos e Coque Macho.

Ademais, o 6 de agosto deste ano o Goberno galego lanzou a campaña 'GALICIA SABE AMAR' para impulsar o consumo de produtos do mar entre a cidadanía. Esta acción de promoción incide na importancia de comer peixes e mariscos e na gran variedade de produtos da máxima calidade que o complexo mar-industria de Galicia pon a disposición dos consumidores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21937
Data envio: 16/09/2021 14:47:05.473

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:47:01

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21676
Data envio: 14/09/2021 14:51:08.300
Data 14/09/2021 14:51

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9749**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da Xunta de Galicia para manter pechada desde o ano 2009 a Casa da Quintán, no concello de Ponte Caldelas, o destino previsto para ese inmoble e as súas intencións respecto da creación nel dun centro de día para persoas maiores"** (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A casa Quintán esta situada no concello de Pontecaldelas e foi cedida pola Fundación Salvora á Xunta de Galicia no ano 2006 para a prestación de servizos sociais, particularmente servizos residenciais para persoas con discapacidade intelectual onde levar a cabo programas de respiro e vacacións nun ambiente integrador.

Nos últimos tempos realizouse un importante investimento nel para que cumpra con todos os requisitos normativos para adicala a programas sociais no ámbito da protección de menores.

Ao mesmo tempo, a consellería de Política Social mantivo varias xuntanzas coa Fundación Sálvora, titular do inmoble, e con entidades sociais para orientar o proxecto.

Estanse realizando os trámites precisos para determinar o uso final deste inmoble que será o mais adecuado para os intereses sociais**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21676
Data envio: 14/09/2021 14:51:08.300

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:51:04

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:00
Nº Rexistro: 21910
Data envio: 16/09/2021 13:38:00.082
Data 16/09/2021 13:37

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 9929,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración pola Xunta de Galicia dos recortes no servizo de limpeza do campus da Universidade de Vigo en Ourense e as repercusións sanitarias e de seguridade laboral"**, (publicada no BOPG número 92, do 11 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), ao igual que a Dirección Xeral de Relacións Laborais, non recibiu solicitude de asesoramento técnico en relación ao servizo de limpeza do campus de Ourense da Universidade de Vigo e non realizou ningunha actuación específica.

Sen embargo, no exercicio da súa función de información e divulgación en materia de prevención de riscos laborais, a Unidade de referencia covid-19 do ISSGA elaborou diversos documentos nos que se recollen recomendacións preventivas básicas que se deben ter en conta nos centros de traballo segundo as informacións das autoridades sanitarias sobre o coronavirus. Estas recomendacións preventivas deben ser aplicadas para desenvolver as diferentes actividades minimizando o risco de contaxio.

Estes documentos están dispoñibles na páxina web do ISSGA e deles cómpre destacar: a Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus, a Guía básica ISSGA para a elaboración do plan de continxencia e a circular informativa Tratamentos de desinfección en locais comerciais e outras estancias en relación ao coronavirus."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:37:56

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:38:00
Nº Rexistro: 21910
Data envio: 16/09/2021 13:38:00.082

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:37:56

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:01:55
Nº Rexistro: 21730
Data envio: 15/09/2021 12:01:55.366
Data 15/09/2021 12:01

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10363**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan estratéxico termal para Ourense"**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"Ourense conta cun importante número de concellos ricos en recursos termais, e o turismo termal en Galicia é un dos sectores con máis potencialidade para a recuperación do sector. A comunidade autónoma galega é líder no conxunto do Estado en canto á oferta mineiro-medicinal, con máis dun 20% dos establecementos balnearios de España, e tamén a que conta con máis distintivos de calidade nos establecementos termais.

Dende a Xunta de Galicia apostouse polo termalismo ourensán mediante a inclusión na convocatoria ordinaria dos Plans de Sustentabilidade turística do proxecto Ourense Termal que finalmente foi aprobado pola Conferencia Sectorial de Turismo. O proxecto Ourense Termal, desenvolvido pola Deputación Provincial de Ourense é, ademais, unha oportunidade para xerar emprego na provincia, fixar poboación e frear a emigración. O Plan de Sustentabilidade Ourense Termal conta cun orzamento de 3,1 millóns de euros, dos que a Xunta aporta 1.350.000.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:01:55
Nº Rexistro: 21730
Data envio: 15/09/2021 12:01:55.366

O obxectivo de Ourense Termal é xerar competitividade nos municipios termais rurais da provincia, impulsar investimentos e mellorar as infraestruturas, dotacións e captacións termais, así como actuacións encamiñadas ao fomento da innovación, implantación da intelixencia turística e desenvolvemento do produto adaptado ás novas necesidades do usuario do turismo termal**“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:01:55
Nº Rexistro: 21730
Data envio: 15/09/2021 12:01:55.366

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 12:01:47

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21673
Data envio: 14/09/2021 14:50:44.628
Data 14/09/2021 14:50

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11062**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a porcentaxe da agarda que rexistran as solicitudes de dependencia no concello de Petín, a opinión do Goberno galego referida á necesidade de construír un centro de atención residencial para persoas maiores nese concello e, se é o caso, as actuacións que vai levar a cabo ao respecto"** (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"No que respecta á necesidade de construír un centro de atención residencial para persoas maiores no Concello de Petín, informar que non hai ningunha solicitude de entrevista coa consellería de Política Social e non existe ningunha solicitude de construción dunha residencia pública ou apertura dunha Casa do Maior.

De tódolos xeitos, en caso de recibir unha petición para tal fin, e como non podería ser doutro xeito, a Consellería de Política Social estudiará a necesidade de construír o devandito centro.

Por outro lado, o concello de Petín está adscrito ao programa Xantar na Casa desde outubro de 2009, pero nestes momentos non ten ningún usuario.

Na actualidade non existen persoas neste Concello en situación de dependencia recoñecida incluídas no Programa de Asignación de Recursos residenciais.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21673
Data envio: 14/09/2021 14:50:44.628

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

En relación ao Servizo de Axuda no Fogar, a Mancomunidade Petín-Larouco ten asignadas un total de 788 horas mensuais das que actualmente emprega 748 horas para atender a 59 persoas. Co reforzo do SAF, esta Mancomunidade pasou de ter 685 horas ás 788 actuais**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21673
Data envio: 14/09/2021 14:50:44.628

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:50:40

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21671
Data envio: 14/09/2021 14:50:28.597
Data 14/09/2021 14:50

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11068**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"os pasos dados polo Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada, os medios humanos e materiais que se habilitan no plan de actuación anunciado ao respecto e a realización dalgún estudo referido a esta situación"** (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O pasado mes de xuño o director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade presentou aos concellos galegos a Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada, unha estratexia pioneira a nivel nacional.

Para chegar ata aquí, o primeiro paso consistiu en realizar unha diagnose da soidade non desexada en Galicia para coñecer as súas causas e consecuencias, así como as distintas iniciativas postas en marcha noutros países de Europa. O seguinte paso centrouse en coñecer o perfil das persoas que viven en soidade non desexada, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa comunidade. O resultado destes estudos permitiu obter unha primeira aproximación a este fenómeno.

Minimizar os efectos que ten este fenómeno sobre os maiores require o deseño de actuacións específicas. Por iso, o plan da Xunta de Galicia oriéntase en cinco liñas estratéxicas de actuación:

- A prevención: Impulsando actividades que favorezan as relacións sociais como o voluntariado, a participación social ou cultural. Ou mesmo promovendo novas formas de vivenda como o cohousing ou as vivendas interxeracionais;

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21671
Data envio: 14/09/2021 14:50:28.597

- A detección: Detectar estas situacións é crucial para que estas persoas sexan derivadas a programas deseñados para paliar os seus efectos.

- A intervención: mediante actuacións como a formación dos profesionais de atención primaria e dos servizos sociais para saber como intervir; o novo modelo residencial centrado na persoa e na súa contorna; ou mediante a realización dun mapa de recursos á súa disposición que responden ás súas necesidades.

- A visibilización do fenómeno para que todos nós coñezamos o problema e actuemos.

- A cooperación entre o sector público, o privado e as entidades sociais**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21671
Data envio: 14/09/2021 14:50:28.597

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:50:25

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:51
Nº Rexistro: 21909
Data envio: 16/09/2021 13:37:51.785
Data 16/09/2021 13:37

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11163**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns que xustifican o peche da hospedaría da Casa do Mar da Coruña desde o inicio do confinamento ata a actualidade, as previsións do Goberno galego para a súa reapertura e o prazo estimado para a recuperación da oferta deste servizo aos mariñeiros que o precisan e ás súas familias"**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido**:**

"A Hospedería da Casa do Mar da Coruña mantívose pechada debido á evolución epidemiolóxica da área sanitaria da Coruña, que practicamente estivo en risco alto de xeito continuado dende o mes de agosto de 2020, con limitacións de acceso derivadas de sucesivos peches perimetrais. Para preservar a saúde de usuarios e traballadores a prudencia aconsellou suspender durante o tempo necesario a prestación deste e outros servizos considerados non esenciais.

Unha vez estabilizada a situación, e logo de efectuar as necesarias revisións das instalacións, posta a punto de habitacións e espazos comúns, así como a súa limpeza e desinfección, a hospedería reabriu no mes de xuño de 2021, e está a funcionar con normalidade.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:37:48

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:51
Nº Rexistro: 21909
Data envio: 16/09/2021 13:37:51.785

No ano 2019 xa se efectuou un importante investimento de preto de 20.000 euros para adecuación de diversas habitacións, renovación de mecanismos eléctricos, apliques e espellos, así como a renovación integral do baño dun dos cuartos. Esta obra complétase cos máis de 60.000 euros investidos na renovación da carpintería exterior do inmoble, levada a cabo en 2016**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:51
Nº Rexistro: 21909
Data envio: 16/09/2021 13:37:51.785

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:37:48

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21934
Data envio: 16/09/2021 14:46:39.785
Data 16/09/2021 14:46

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11176**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada, as súas intencións referidas á súa remisión ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación, e as medidas que vai inserir nela"**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido**:**

"O pasado mes de xuño o director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade presentou aos concellos galegos a Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada, unha estratexia pioneira a nivel nacional.

Para chegar ata aquí, o primeiro paso consistiu en realizar unha diagnose da soidade non desexada en Galicia para coñecer as súas causas e consecuencias, así como as distintas iniciativas postas en marcha noutros países de Europa. O seguinte paso centrouse en coñecer o perfil das persoas que viven en soidade non desexada, tanto a nivel nacional como a nivel da nosa comunidade. O resultado destes estudos permitiu obter unha primeira aproximación a este fenómeno.

Minimizar os efectos que ten este fenómeno sobre os maiores require o deseño de actuacións específicas. Por iso, o plan da Xunta de Galicia oriéntase en cinco liñas estratéxicas de actuación:

o A prevención: Impulsando actividades que favorezan as relacións sociais como o voluntariado, a participación social ou cultural. Ou mesmo promovendo novas formas de vivenda como o cohousing ou as vivendas interxeracionais;

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21934
Data envio: 16/09/2021 14:46:39.785

o A detección: Detectar estas situacións é crucial para que estas persoas sexan derivadas a programas deseñados para paliar os seus efectos.

o A intervención: mediante actuacións como a formación dos profesionais de atención primaria e dos servizos sociais para saber como intervir; o novo modelo residencial centrado na persoa e na súa contorna; ou mediante a realización dun mapa de recursos á súa disposición que responden ás súas necesidades.

o A visibilización do fenómeno para que todos nós coñezamos o problema e actuemos.

o A cooperación entre o sector público, o privado e as entidades sociais**“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21934
Data envio: 16/09/2021 14:46:39.785

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 14:46:35

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:35
Nº Rexistro: 21907
Data envio: 16/09/2021 13:37:35.488
Data 16/09/2021 13:37

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11183**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego do actual índice de cobertura da teleasistencia en Galicia, as medidas que vai adoptar para garantir o acceso da poboación que precisa este servizo e a dispoñibilidade dalgún plan, orzamento ou planificación temporal ao respecto"**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido**:**

"A teleasistencia avanzada é aquela que inclúe, ademais dos servizos de teleasistencia básica que a persoa usuaria precise, apoios tecnolóxicos complementarios dentro ou fóra do domicilio, ou en ambos os casos, así como a interconexión cos servizos de información e profesionais de referencia nos sistemas sanitario e social, desenvolvendo procesos e protocolos de actuación en función da situación de necesidade de atención detectada.

Unha das primeiras medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o acceso de toda a poboación a un servizo de teleasistencia avanzada de calidade foi proceder á adaptación da normativa autonómica en materia de teleasistencia ao establecido na Resolución do 15 de xaneiro de 2018, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre determinación do contido do servizo de teleasistencia básica e avanzada (DOG 27/12/2019).

Así pois, a través da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas levouse a cabo a modificación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

A día de hoxe, máis de 7.500 galegos e galegas son usuarios do servizo de teleasistencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo o 100% das persoas dependentes que teñen recoñecido este servizo xa o teñen instalado ou xa están en fase de instalación polo que a día de hoxe non existe ningún beneficiario do servizo de teleasistencia incluído no denominado Programa de Asignación de Recursos e que teña que agardar para verlle recoñecido o seu dereito a utilizalo.

O orzamento anual destinado na actualidade á prestación do servizo de teleasistencia ascende a 1.400.520,00 € a través do contrato asinado coa Cruz Vermella para a prestación dun servizo público de teleasistencia e sistema de xeolocalización**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:35
Nº Rexistro: 21907
Data envio: 16/09/2021 13:37:35.488

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:37:30

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21669
Data envio: 14/09/2021 14:50:12.800
Data 14/09/2021 14:50

Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11194,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"os datos referidos aos proxectos remitidos pola Xunta de Galicia ao Goberno central para a captación de fondos europeos no ámbito social, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e as súas previsións respecto da información ao Parlamento de Galicia deses proxectos"**, (publicada no BOPG número 100 do 23 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21669
Data envio: 14/09/2021 14:50:12.800

Nº proxecto	Nome
1	Construcción residencia de persoas maiores segundo novo modelo asistencial nunha zona con escasos recursos desa tipoloxía
2	Remodelación dos centros públicos de servizos sociais para coidados de longa duración
3	Dotación de equipamento para os centros públicos de servizos sociais destinados a coidados de longa duración
4	Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais
5	Promoción de recursos estables de atención ás persoas sen fogar e outras formas de exclusión residencial en Galicia
6	Creación de novos equipamentos sociais de atención a persoas maiores ou con discapacidade, e remodelación e adaptación de equipamentos existentes, titularidade de entidades de iniciativa social
7	Dotación de equipamento dixital para os centros públicos de servizos sociais destinados a coidados de longa duración
8	Plan integral de dotación de recursos de teleasistencia avanzada e vivendas conectadas
9	Despregamento dos equipos de valoración por todo o territorio de Galicia
10	Modernización tecnolóxica dos servizos sociais
11	Modernización da frota de vehículos dos centros titularidade de entidades de iniciativa social
12	Proxecto piloto “Programa de coidados Porta a Porta”
13	Proxecto Talento interxeracional
14	Desenvolvemento e implementación nos centros residenciais dun programa de rehabilitación física baseado en realidade virtual inversiva non oclusiva
15	Proxecto “Teléfono contra a soidade non desexada”
16	Equipamento de alta tecnoloxía para a atención á parálise cerebral en centros de referencia
17	Centros de coidados intermedios

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21669
Data envio: 14/09/2021 14:50:12.800

18	Proxecto “Casas do maior” no rural
19	INConecta (Inclusión social telemática)
20	Mellora de infraestruturas residenciais no ámbito do acollemento familiar especializado de nenos, nenas e adolescentes
21	Dotación de equipamento para os centros residenciais do ámbito dos nenos, nenas e adolescentes
22	Dixitalización dos centros residenciais do ámbito dos nenos, nenas e adolescentes
23	Proxecto Xerando cultura de acollemento. Promover, fomentar e divulgar o acollemento familiar como recurso de protección máis idóneo para garantir o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a crecer nunha contorna familiar
24	Proxecto Mocidade sen barreiras. Modernización e dixitalización dos centros xuvenís para crear espazos de lecer e de fomento de capacidades participativos e inclusivos
25	Proxecto Centro de día itinerante
26	Proxecto de tránsito á vida adulta, autonomía e emancipación para mozas en situación de vulnerabilidade en zonas non urbanas
27	Proxecto de modernización e humanización dos Puntos de Encontro Familiar
28	Acceso á Administración (pictogramas, interpretación, etc)
29	Plan de mellora da accesibilidade nos concellos de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
X21 22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21669
Data envio: 14/09/2021 14:50:12.800

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:50:09

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:25
Nº Rexistro: 21906
Data envio: 16/09/2021 13:37:25.770
Data 16/09/2021 13:37

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 11784,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do establecemento de axudas directas inmediatas para compensar as restricións impostas na actividade dos salóns de peiteado e de estética e barbarías"**, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Desde o Goberno de Galicia mantivéronse contactos cos representantes deste sector de traballadores autónomos, como con todos, porque a base das nosas políticas é o diálogo social para adoptar medidas adecuadas a cada situación concreta, que poidan ir en beneficio de todas e de todos.

Neste sentido, nos tres Plans de Rescate que puxo en marcha a Xunta de Galicia destináronse axudas directas para autónomos e empresas por un importe total de 416 millóns de euros.

De feito, en menos de seis meses e a través dos dous primeiros plans de rescate que deseñamos en consenso co diálogo social e os autónomos, que dependían directamente da Xunta de Galicia, xestionamos e pagamos máis de 180 millóns de fondos autonómicos a autónomos e pequenos empresarios, entre os que se atopan o sector dos salóns de peiteado; os que aínda de hoxe están ameazados pola suba descontrolada dos prezos da luz, que xunto co IVE, é competencia do Goberno do Estado.

Asemade, a Xunta de Galicia está sempre ao carón dos autónomos e das empresas, e mostra disto son os 587 millóns de euros en axudas directas para paliar as consecuencias da covid-

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:37:21

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:25
Nº Rexistro: 21906
Data envio: 16/09/2021 13:37:25.770

19 que puxemos a disposición en tempo récord para axudarlles a manter a súa actividade económica fronte á pandemia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:25
Nº Rexistro: 21906
Data envio: 16/09/2021 13:37:25.770

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:37:21

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21667
Data envio: 14/09/2021 14:49:57.300
Data 14/09/2021 14:49

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12073**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co impacto das medidas de prevención da covid-19 nas persoas maiores residentes en centros asistenciais"** (publicada no BOPG número 108 do 10 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"Unha vez superada a fase crítica de contaxios e con vistas a recuperar a normalidade, suavizáronse as restricións de contacto social que se viñan aplicando nas residencias de maiores e que supuxeron a diminución ou anulación de visitas de familiares e de saídas ao exterior dos usuarios.

Neste sentido, o protocolo de residencias para visitas e saídas da Xunta de Galicia procura evitar en todo momento o illamento das persoas residentes para preservar o seu benestar emocional**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/09/2021 14:49:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21667
Data envio: 14/09/2021 14:49:57.300

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:49:49

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:16
Nº Rexistro: 21905
Data envio: 16/09/2021 13:37:16.582
Data 16/09/2021 13:37

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12132**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para a inclusión das persoas dependentes (grao II) no plan de vacinación fronte á covid-19"**, (publicada no BOPG número 108 do 10 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido**:**

"Na nosa Comunidade, o 100% dos centros residenciais xa están vacinados. A inmunización dos centros e o descenso da incidencia permitiron flexibilizar os protocolos de seguridade.

A Xunta de Galicia avanza no desenvolvemento do Plan galego de vacinación fronte á covid, aliñado coas directrices marcadas pola Comisión Nacional de Saúde Pública na Estratexia nacional de vacinación**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:37:16
Nº Rexistro: 21905
Data envio: 16/09/2021 13:37:16.582

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:37:13

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:11
Nº Rexistro: 21844
Data envio: 16/09/2021 10:44:11.332
Data 16/09/2021 10:44

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12610**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as inspeccións realizadas pola Xunta de Galicia nos anos 2017, 2018 e 2019 nas residencias de maiores Nosa Señora da Esperanza, no concello de Ourense; Os Gozos, no concello de Pereiro de Aguiar; e Nosa Señora do Viso, no concello de Lobeira"**, (publicada no BOPG número 112 do 17 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido**:**

"

Residencia Os Gozos (Pereiro de Aguiar)	
ANO	**Nº INSPECCIÓNS**
2017	0
2018	0
2019	1

Residencia Nosa Sra. da Esperanza (Ourense)	
ANO	**Nº INSPECCIÓNS**
2017	1
2018	0
2019	0

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:11
Nº Rexistro: 21844
Data envio: 16/09/2021 10:44:11.332

Residencia Nosa Sra. do Viso (Lobeira)	
ANO	**Nº INSPECCIÓNS**
2017	0
2018	1
2019	0

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social, Dna. María Francisca Gómez Santos, compareceu o pasado día 18 de febreiro na Comisión 5ª, para dar resposta á pregunta oral presentada polo grupo parlamentario BNG e con número de rexistro 7460, Sobre a apertura de expedientes a residencias de maiores e os incumprimentos que os motivaron.

Na súa comparecencia informou que a petición presentaba unha complexidade legal porque ditos expedientes inclúen, con frecuencia, datos persoais das persoas usuarias dependentes que residen nos centros que identificaban.

É innegable o dereito que teñen os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia de coñecer os datos que constan en poder da Inspección de Servizos Sociais e de calquera servizo da Consellería de Política Social. Se ben, este mesmo dereito debe ponderarse co respecto aos dereitos das persoas usuarias á protección dos seus datos persoais recollidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que atinxe ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo a normativa en materia de transparencia, Lei 19/2013, do 9 de decembro, e Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén establece limitacións de cara a evitar os prexuízos, entre outros, na investigación e sanción de ilícitos administrativos.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:11
Nº Rexistro: 21844
Data envio: 16/09/2021 10:44:11.332

Deste xeito, aos representantes do devandito grupo parlamentario ofrecéuselle a posibilidade de dar vista aos expedientes e ás inspeccións realizadas pola consellería de Política Social nas residencias Nosa Señora da Esperanza en Ourense, Nosa Señora dos Miragres en Barbadás, Os Gozos en Pereiro de Aguiar e na residencia Nosa Señora do Viso en Lobeira nos anos 2017, 2018 e 2019, nas dependencias da Inspección de Servizos Sociais, no día e na hora que indicaran e segundo mellor se axustara as súas axendas.

Deste xeito, o pasado día 1 de marzo os deputados do BNG, Dna Olalla Rodil e Don Iago Tabares tiveron acceso a dita documentación garantindo a seguridade e confidencialidade da información.

Todos os centros, servizos e programas de servizos sociais de Galicia son obxecto de inspección para garantir que cumpren coa normativa aplicable e garanten unha atención de calidade ás persoas usuarias.

No que respecta aos incumprimentos, cando se detecta unha infracción, sexa como consecuencia da existencia de denuncia ou por unha inspección ordinaria, imponse a correspondente sanción e a persistencia nel é relativamente baixa, xa que o centro arríscase a unha nova sanción**“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:11
Nº Rexistro: 21844
Data envio: 16/09/2021 10:44:11.332

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:44:07

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:03
Nº Rexistro: 21843
Data envio: 16/09/2021 10:44:03.254
Data 16/09/2021 10:43

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12967**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da demora da Xunta de Galicia no pagamento das subvencións correspondentes ao mantemento das casas niño e as medidas previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 119 do 5 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido**:**

"A Xunta de Galicia xa concedeu as axudas en réxime de concorrencia non competitiva ás persoas titulares de Casas Niño que iniciaron a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de xullo de 2018, para o ano 2021, axudas que teñen a finalidade de dar continuidade a este recurso e seguir atendendo as necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias nos concellos rurais de Galicia nos que están establecidas.

Estas axudas foron convocadas a través da orde do 28 de decembro de 2020, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciaron a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de xullo de 2018, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. Esta orde foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 19 de xaneiro de 2021.

Tal como establece a orde citada anteriormente, a axuda neste ano 2021 consiste nunha prima de 22.000 euros/ano para a prestación dunha atención personalizada a nenos e nenas de 0-3 anos, e para as axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de 968.000 euros.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

79351
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 10:43:59

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:03
Nº Rexistro: 21843
Data envio: 16/09/2021 10:44:03.254

Adicionalmente, a Xunta de Galicia tamén aboa neste 2021 unha prima anual a todas as casas-niño que iniciaron a súa actividade a partir do 1 de agosto de 2018, a través dos fondos FEDER.

En referencia aos pagamentos do ano 2021, a Xunta de Galicia xa aboou o anticipo do 90% de todas as primas anuais antes de que rematara o primeiro trimestre do ano. Ese foi o compromiso adquirido con todas as titulares das casas-niño, e ese compromiso cumpriuse.

En todo caso, é erróneo afirmar que a Xunta levara seis meses sen aboar pagamentos ás casas-niño, dado que no momento de presentación da pregunta xa estaban aboados todos os pagamentos do ano 2020 e unha parte dos correspondentes a 2021. A totalidade dos mesmos realizouse antes de rematar o primeiro trimestre do ano, como se vén de expoñer.

Hai que ter en conta que o prazo de solicitude para acollerse á orde de subvención de continuidade de casas-niño (exclusiva para as casas creadas antes de agosto de 2018) rematou a mediados de febreiro -porque así o obriga a lexislación estatal de subvencións- e houbo algunhas solicitantes que presentaron toda a documentación nos últimos días do prazo**“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:44:03
Nº Rexistro: 21843
Data envio: 16/09/2021 10:44:03.254

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:43:59

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:43:47
Nº Rexistro: 21841
Data envio: 16/09/2021 10:43:47.817
Data 16/09/2021 10:43

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13367**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto de dotar o concello de Narón dunha residencia de maiores de titularidade e xestión públicas"**, (publicada no BOPG número 119 do 5 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido**:**

"Como Goberno temos a obriga de xestionar o país cunha mirada global e racional cos recursos de todos os galegos.

No caso da comarca de Ferrolterra estamos traballando na construción dunha residencia pioneira que porá á cidade de Ferrol á vangarda dos coidados de maiores en toda Europa. Será unha residencia punteira, coa última tecnoloxía, 120 prazas 100% públicas, máis de 110 postos de traballo e un investimento de 120 millóns de euros que financiará integramente a Fundación Amancio Ortega.

Ademais, estamos a facer melloras na residencia pública que xa existe no barrio de Caranza.

Con todo, seguiremos traballando para ampliar e mellorar a atención aos maiores nesta comarca se fose necesario.

Por outro lado, o servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de titularidade municipal que forma parte dos servizos sociais comunitarios básicos, que son servizos mínimos que deben ser asegurados por todos os concellos de Galicia.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:43:47
Nº Rexistro: 21841
Data envio: 16/09/2021 10:43:47.817

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

Pese a tratarse dun servizo de titularidade municipal, a Xunta de Galicia axuda no financiamento do mesmo, cubrindo a maior parte do seu custo con 400 millóns de euros dos que un 76% proceden das arcas autonómicas e un 24% do Estado.

A falta de compromiso orzamentario por parte do Goberno central contraponse coa vontade da Xunta de Galicia de seguir mellorando o financiamento do SAF, co fin de que este servizo sexa aínda menos gravoso para os concellos.

De feito, o Goberno galego xa se comprometeu coa Fegamp a revisar as achegas a este servizo.

Galicia é a cuarta comunidade con mellor ratio de atención de todo o Estado, cun 92% de persoas con dependencia que reciben algunha prestación ou servizo **“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 10:43:47
Nº Rexistro: 21841
Data envio: 16/09/2021 10:43:47.817

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 10:43:44

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21665
Data envio: 14/09/2021 14:49:37.800
Data 14/09/2021 14:49

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13651**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a problemática existente no centro de menores Santo Anxo, de Rábade, e a xestión da Consellería de Política Social ao respecto"** (publicada no BOPG número 121 do 7 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O centro de menores Santo Anxo da Garda de Rábade é un centro residencial de protección de menores, coa tipoloxía de centro de reeducación e cunha capacidade de 32 prazas. Nel préstase acollemento residencial a persoas menores de idade que se atopan baixo a garda ou a tutela da administración pública, por provir dunha situación de risco ou de desamparo no seu núcleo familiar.

Neste centro ingresaron dende o ano 2016, 195 mozos e mozas. Destes, o 85% retornaron coa súa familia, ou foron trasladados a outros centros de acordo co seu plan de intervención, ou causaron baixa no centro por cumprir a maioría de idade. Só o 15% saíron do centro para o cumprimento dunha medida xudicial.

A principios do pasado mes de maio, o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e a secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social mantiveron un encontro de traballo con representantes do colectivo de educadores do centro Santo Anxo da Garda de Rábade.

Nesta xuntanza, que tivera que ser aprazada con anterioridade por mor da situación sanitaria, realizouse de xeito presencial e se abordaron cuestións relativas ao funcionamento do centro, cun talante moi positivo por parte de todas as persoas presentes na mesma.

Todos os implicados compartiron o interese por garantir o bo funcionamento do centro e, sobre todo, o cumprimento da súa finalidade que é a protección integral dos mozos e mozas que residen nel. Por suposto, esta finalidade debe desenvolverse coa garantía plena, ao mesmo tempo, de asegurar as mellores condicións dos traballadores no desempeño do seu posto de traballo.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21665
Data envio: 14/09/2021 14:49:37.800

Neste sentido, nesta xuntanza trasladouse aos traballadores que nos últimos meses e dentro da competencia da Entidade Pública para a designación do centro de protección máis adecuado para cada neno, nena ou adolescente, estase realizando unha análise máis detallada dos perfís dos mozos e mozas propostos polos correspondentes equipos técnicos para asegurar que este centro sexa o idóneo para desenvolver un traballo integral cos menores, de xeito que se continúe garantindo a súa protección e a cobertura de todas as súas necesidades.

Froito deste encontro coas traballadoras do centro, tamén se están actualizando protocolos e regulamentos internos co fin de dotarlles aos educadores de ferramentas adecuadas para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das limitacións que establece a normativa para este tipo de centros.

Completan todas estas actuacións, os contactos que se están realizando coas autoridades sanitarias para desenvolver proxectos de colaboración e coordinación que realicen unha intervención específica neste centro que axude ao persoal a abordar con seguridade e éxito cada un dos menores derivados a Santo Anxo.

Por último, cómpre reiterar que esta Administración está aberta permanentemente ao diálogo e ao entendemento nesta materia, e como continuación desta primeira xuntanza, están previstos máis encontros entre a Xunta de Galicia e as traballadoras para continuar abordando este tema co obxectivo sempre de mellorar o funcionamento do centro**“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21665
Data envio: 14/09/2021 14:49:37.800

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:49:34

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21774
Data envio: 15/09/2021 14:11:22.954
Data 15/09/2021 14:11

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13714**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o número de persoas finadas en residencias de maiores en Galicia durante a pandemia da covid-19 e as razóns do Goberno galego para non publicar os datos desagregados por centros"**, (publicada no BOPG número 121 do 7 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O número de persoas falecidas por COVID usuarias de residencia desde o inicio da pandemia até o 30 de xuño do 2021 foi de 790.

Desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia achegando datos sobre residencias ao Goberno central co modelo que este marcou, coa frecuencia que indicou e coa profusión que pediu.

As galegas e galegos contaron sempre cunha imaxe fiel da situación, actualizada cada día a través dun boletín diario enviado aos medios de comunicación con información detallada sobre contaxios e falecementos.

O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ten a disposición da cidadanía a páxina web coronavirus.sergas.gal na que se pode consultar diariamente os datos relativos ao coronavirus en Galicia: total de casos activos, casos activos por áreas sanitarias, pacientes positivos en UCI, hospitais ou en domicilio, número total de persoas curadas e falecementos, número de probas PCR realizadas e doses de vacina administradas.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación aos centros residenciais, especifícase o lugar de falecemento: residencia, hospital ou en residencias integradas. Esta información publícase diariamente na web da Xunta de Galicia **“.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21774
Data envio: 15/09/2021 14:11:22.954

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 14:11:19

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:36:37
Nº Rexistro: 21901
Data envio: 16/09/2021 13:36:37.863
Data 16/09/2021 13:36

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 13976,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación da factoría de Repsol na Coruña e as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a aplicación do ERTE anunciado pola empresa"**, (publicada no BOPG número 123, do 13 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O 4 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta número de rexistro 14071 sobre a opinión do Goberno galego respecto do ERTE anunciado por Repsol no complexo industrial da Coruña e as actuacións que vai levar a cabo para evitalo a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A Xunta ten claro que o principal obxectivo debe ser o mantemento do emprego, polo que a mellor maneira de que Repsol amose ese compromiso con Galicia é que execute os investimentos necesarios para garantir a transición enerxética na refinería da Coruña e que avance nas obras do poliduto que conecta co porto exterior de Langosteira.

Fronte a errática transición enerxética estatal, que carece de planificación e está a xerar inestabilidade e inseguridade no noso tecido empresarial, a Xunta seguirá mostrando o seu compromiso e apoio ao tecido industrial e, sobre todo, seguirá en contacto permanente cos traballadores e traballadoras para velar pola defensa dos seus empregos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:36:37
Nº Rexistro: 21901
Data envio: 16/09/2021 13:36:37.863

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:36:34

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:36:29
Nº Rexistro: 21900
Data envio: 16/09/2021 13:36:29.988
Data 16/09/2021 13:36

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 13986,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación de Gabadi na comarca de Ferrol e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os abusos das empresas durante a negociación dos expedientes de regulación de emprego"**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"A normativa reguladora dos expedientes de regulación de emprego establece a posibilidade das partes de solicitar a actuación mediadora da Autoridade Laboral en calquera momento da negociación durante o período de consultas (artigo 10 RD 1483/2012), non recibindo a Dirección Xeral de Relacións Laborais nin a Xefatura Territorial ningunha petición de mediación neste ERE. Ademais, no informe emitido pola Inspección de Traballo non se informou sobre actuacións de mala fe pola empresa, as cales en todo caso serían obxecto de denuncia tamén ante a xurisdición social."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:36:26

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:36:29
Nº Rexistro: 21900
Data envio: 16/09/2021 13:36:29.988

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:36:26

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:36:05
Nº Rexistro: 21897
Data envio: 16/09/2021 13:36:05.848
Data 16/09/2021 13:36

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 14296,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego dos datos referidos ao emprego xuvenil reflectidos no Informe de conxuntura de marzo de 2021 do Foro Económico de Galicia, e as medidas que vai implementar para frear a dependencia dos sectores da hostalería e do turismo no mercado de traballo xuvenil"**, (publicada no BOPG número 126, do 21 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"Como xa reiteramos en diversas ocasións desde a Xunta de Galicia e, en particular, desde a Consellería de Emprego e Igualdade, a pandemia da covid-19 golpeou de maneira máis dura a uns grupos sociais que a outros e a nosa responsabilidade é que ninguén quede atrás no avance social e na consolidación da nosa economía.

Un deles é o colectivo da mocidade, que segue a ser un dos prioritarios para este Goberno e, polo tanto, desde todos os departamentos da Xunta de Galicia se actúa para garantir o seu benestar.

A nosa referencia son os datos do paro rexistrado que, no mes de xullo de 2021, para os menores de 30 anos en Galicia reflexan o seguinte:

- Con relación ao mes de xuño de 2021: o paro volve baixar en xullo, en 1.241 persoas, por oitavo mes consecutivo (un 6,90 por cento menos), e a afiliación deste colectivo aumenta en 10.295 traballadores (+9,32 por cento).

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:36:05
Nº Rexistro: 21897
Data envio: 16/09/2021 13:36:05.848

- Con relación ao mesmo mes de 2020: no último ano o paro retrocedeu en 7.062 persoas (un 26,97 por cento menos) despois de subir o ano pasado, polo que esta baixada retoma a tendencia positiva dos anteriores anos neste mes. E ademais a afiliación rexistra unha subida de 10.281 traballadores e traballadoras (+9,30 por cento) e a contratación tamén presenta un incremento notable, con 7.978 contratos máis (un 27,17 por cento).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:36:05
Nº Rexistro: 21897
Data envio: 16/09/2021 13:36:05.848

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:36:02

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:35:56
Nº Rexistro: 21896
Data envio: 16/09/2021 13:35:56.942
Data 16/09/2021 13:35

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 14387,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a reflexión e a xestión da Xunta de Galicia en relación coa difusión en páxinas web pornográficas das imaxes das mulleres gravadas en San Cibrao durante a Maruxaina 2019"**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O 7 de abril de 2021, celebrouse unha sesión Plenaria do Consello Galego das Mulleres, onde se presentou a solicitude feita pola asociación de 'Mulleres en Igualdade de Burela (Bumei)', en contra do ditame do xulgado de Viveiro referido ás gravacións feitas e difundidas logo da festa da Maruxaina en 2019 e en apoio ás afectadas por este feito.

Por parte da Presidencia do pleno do Consello Galego das Mulleres proponse que se acorde unha nota de rexeitamento destas situacións e de apoio ás afectadas pola gravación da Maruxaina, sen prexuízo do respecto as decisión xudiciais; sendo unánime a declaración adoptada polas persoas membro do Consello.

Asemade, o día 16 de abril de 2021, convócase un Pleno da Comisión de Publicidade Sexista de Galicia, dependente do Observatorio Autonómico contra a Violencia de Xénero, onde se trata sobre os feitos acontecidos na romaría da Maruxaina no Concello de Cervo.

En primeiro lugar, destacar a importancia de dar conta de dous casos que, se ben non teñen por obxecto directamente a publicidade sexista, si que afectan ao tratamento da igualdade por razón de xénero nos medios audiovisuais e, neste contexto, exponse a necesidade e conveniencia de modificar o *Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de*

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:35:53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:35:56
Nº Rexistro: 21896
Data envio: 16/09/2021 13:35:56.942

xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, para acoller a análise de novas formas agresións, sobre todo as que se producen a través da internet e outros feitos que van máis alá da publicidade sexista ampliando tanto as funcións como a propia denominación da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista.

Polo que de acordo con todos os membros trátase a problemática en torno ás gravacións efectuadas durante a romaría da Maruxaina en agosto de 2019 e publicadas en páxinas web de contido pornográfico. Despois de que tanto as persoas directamente afectadas como asociacións de mulleres presentaran demanda xudicial polos feitos descritos, o xuíz instrutor decidiu arquivar o caso, ao entender que non existían indicios de delito porque as imaxes foron captadas na vía pública.

Como se dixo con anterioridade, a Asociación de Mulleres de Burela (Bumei), que forma parte do Consello Galego das Mulleres, levou este asunto ao pleno do consello que se celebrou o pasado 7 de abril, no cal se trasladou o rexeitamento e condena dos feitos, así como o seu apoio incondicional ás mulleres afectadas, acordando solicitar do Estado o desenvolvemento urxente de toda clase de medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que perseguen a erradicación deste tipo de accións.

Deste xeito, proponse á Comisión a adopción dun pronunciamento similar ao acordado no pleno do Consello Galego das Mulleres, para trasladar este asunto ás autoridades competentes na materia, como o 'Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades', o 'Observatorio Estatal contra la Violencia de Género' e a Delegación do Goberno en Galicia.

As persoas integrantes da Comisión acordan proceder ao traslado indicado anteriormente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:35:56
Nº Rexistro: 21896
Data envio: 16/09/2021 13:35:56.942

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:35:53

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:01:11
Nº Rexistro: 21726
Data envio: 15/09/2021 12:01:11.553
Data 15/09/2021 12:01

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14631**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación co peche da fronteira entre Galicia e Portugal e o escaso número de pasos abertos a consecuencia da crise sanitaria xerada pola covid-19, o seu impacto na actividade económica e mobilidade do territorio transfronteirizo, así como a implantación da tarxeta transfronteiriza"**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia defendeu, desde o primeiro peche, que se mantiveran abertos os máximos pasos fronteirizos posibles para facilitar o tránsito de traballadores transfronteirizos e de mercadorías e evitarlles aglomeracións nos pasos abertos, así como percorridos máis longos.

Deste xeito, a Xunta pediu que se tiveran en conta as peculiaridades das áreas fronteirizas pero sempre dentro das dispoñibilidades de vixilancia, levando a cabo as limitacións da mobilidade e os controis que sexan necesarios para frear a propagación da pandemia e garantir a seguridade dos cidadáns.

Xa durante o primeiro confinamento, o Presidente e o Vicepresidente primeiro da Xunta celebraron unha videoconferencia co daquela presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento rexional do norte de Portugal, Fernando Freire de Sousa, na que coincidiron en pedir a apertura de máis pasos fronteirizos atendendo á evolución da incidencia da pandemia de coronavirus en ambas zonas.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Nun comunicado conxunto, os representantes da Eurorrexión indicaron a intención de pedir aos gobernos de España e Portugal habilitar máis pasos fronteirizos, ademáis dos que comunican Tui-Valença e Chaves-Verín, para evitar que moitos traballadores que cada día cruzan a fronteira tivesen que realizar desprazamentos moi longos (mais de cen km).

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial de Galicia – Norte de Portugal (AECT, GNP) elaborou un documento para a "Reactivación da cooperación de proximidade na fronteira do norte de Portugal con Galicia como resposta aos efectos da Covid-19".

As propostas presentadas teñen en conta o marco e a definición de obxectivos descritos no Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) 21-27, así como as propostas de normativa comunitaria que enmarcarán a política de cohesión europea no período 2021-2027, o Next Generation EU e os instrumentos de planificación estratéxica previstos para os dous territorios.

Para a elaboración destas propostas, someteuse a consultas e tomáronse en conta os comentarios e as contribucións formuladas por outros actores da cooperación, especialmente polas AECTs e Eurocidades da fronteira, así como aqueloutros axentes da cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal.

O Plenario da Comunidade de Traballo Galicia- Norte de Portugal ven de aprobar, no mes de xullo deste ano, o novo "Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión 2021-2027", no que se contempla dun xeito especial o apoio ás zonas de fronteira**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2021 12:01:11
Nº Rexistro: 21726
Data envio: 15/09/2021 12:01:11.553

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/09/2021 12:01:07

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:35:47
Nº Rexistro: 21895
Data envio: 16/09/2021 13:35:47.410
Data 16/09/2021 13:35

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 14694,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar as condicións salariais e laborais do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña"**, (publicada no BOPG número 130, do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O 11 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urxente 15673 sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento galego.

Segundo o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Traballadores, e no seu artigo 82 referido a "concepto e eficacia", establécese o seguinte:

- Os convenios colectivos, como resultado da negociación desenvolta polos representantes dos traballadores e dos empresarios, constitúen a expresión do acordo libremente adoptado por eles en virtude da súa autonomía colectiva.
- Mediante os convenios colectivos, e no seu ámbito correspondente, os traballadores e empresarios regulan as condicións de traballo e de produtividade. Igualmente poderán regular a paz laboral a través das obrigacións que se pacten.
- Os convenios colectivos regulados por esta lei obrigan a todos os empresarios e traballadores incluídos dentro do seu ámbito de aplicación e durante todo o tempo da súa vixencia.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:35:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:35:47
Nº Rexistro: 21895
Data envio: 16/09/2021 13:35:47.410

A Administración autonómica non pode nin debe inmiscirse nas negociacións que se manteñen entre a patronal e os traballadores. Porén, sempre intenta garantir que os traballadores saiban que teñen á súa disposición tanto a Dirección Xeral de Relacións Laborais como o Consello Galego de Relacións Laborais, para calquera consulta técnica, xestión ou axuda na negociación coa patronal.

Respecto ás condicións que garante a Xunta de Galicia a través dos contratos mantidos para a limpeza dos edificios administrativos de titularidade autonómica na provincia da Coruña, que ademais de respectar as condicións establecidas no convenio colectivo, as mellora:

- Así, en canto á retribución mensual (12 mensualidades) o convenio provincial establece 1.298,98 € e Xunta paga 1.438,62 €. É dicir, un 10,7% máis.
- Tamén ofrece un complemento mensual por antigüidade (ao persoal cunha media de 6 trienios) de 187,5 €. Condición que non se contempla no convenio provincial.
- En canto á posibilidade de dispoñer de días por asuntos propios, a Xunta ofrece 11 días retribuídos mentres que non se contempla ningún no convenio provincial.
- No relativo ás vacacións, teríamos por unha banda os 30 días naturais do convenio provincial e por outra o mes natural máis dous días adicionais da Xunta.

E por último, no referido á xornada de traballo, habería que comparar as 39 horas semanais do convenio provincial fronte as 37,5 horas semanais durante 9 meses e as 30 horas semanais durante 3 meses que estipula a Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:35:47
Nº Rexistro: 21895
Data envio: 16/09/2021 13:35:47.410

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:35:44

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21661
Data envio: 14/09/2021 14:49:06.956
Data 14/09/2021 14:49

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15331**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como de loita contra a pobreza infantil"** (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O sistema de inclusión da Comunidade Autónoma de Galicia encárgase de garantir que as familias galegas podan cubrir as necesidades básicas dos fillos e fillas. Neste sentido, tanto as distintas prestacións tramitadas pola Comunidade Autónoma, como os programas desenvoltos polos servizos sociais de base comunitaria, contribúen a paliar as posibles dificultades económicas das familias.

En calquera caso, nunca e baixo ningunha circunstancia a Consellería de Política Social realiza intervencións de separación de familias en función da súa capacidade económica, e polo tanto en ningún momento se asumiu medida de protección nin recurso de acollemento nin familiar nin residencial por motivos económicos.

Este é un principio fundamental do ordenamento xurídico no eido da protección da infancia e que forma parte de todas as actuacións que realiza a Administración nesta materia, sendo especialmente escrupuloso na aplicación do artigo 18 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, no que se establece claramente que "a situación de pobreza dos proxenitores, titores ou gardadores non poderá ser tida en conta para a valoración da situación de desamparo".

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21661
Data envio: 14/09/2021 14:49:06.956

Neste sentido, dende a Consellería de Política Social trabállase intensamente na priorización do acollemento familiar fronte a calquera outro recurso e, sobre todo, potenciando o acollemento en familia extensa como xeito de garantir o mantemento dos nenos, nenas e adolescentes no seu entorno máis próximo e favorecer ás reintegracións familiares sempre que iso sexa posible.

Cómpre aclarar que a posición da Conselleira de Política Social nesta materia foi explicitada pola propia conselleira na entrevista á que se alude na pregunta, xa que afirmou textualmente o seguinte: “O noso deber é estar ao carón de todas as familias que o están a pasar mal, para dotalas de todos os recursos que necesiten para poder sacar aos seus fillos adiante; que todos os pais poidan quedar cos seus fillos, que é o que queremos, pero temos que facer un traballo intenso con todas as entidade sociais que coñecen moi ben os casos, que nos trasladan cada día eses casos de familias que teñen necesidades, e o noso deber é estar ao seu carón”. E esta posición xa foi tamén trasladada ás dúas entidades que remitiron o escrito motivo da pregunta.

Por outro lado, o compromiso do Goberno galego na loita contra a pobreza e a exclusión social vese reflectido nos orzamentos do ano 2021. Así os fondos que se dedican á paliar a pobreza ascenden a 125,5 M€ un 4,5% máis que no ano 2020.

Entre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para axudar ás familias en situación de pobreza e exclusión social, están:

- Os fondos dedicados á Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) que ascenden a 64,4 M€;
- As axudas de Inclusión Social, que se incrementaron nun 35%, de 3,3 M€ a 4,5 M€;
- Os fondos para o tecido asociativo de loita contra a exclusión social, ao abeiro da orde de entidades 2020-2022, que é a máis elevada da historia;
- A achega autonómica aos Bancos de Alimentos de Galicia incrementouse un 50%;
- Axudas a concellos para o desenvolvemento de Programas de Educación Familiar, dirixidos a familias con menores en situación ou risco de pobreza ou exclusión social;

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21661
Data envio: 14/09/2021 14:49:06.956

- Axudas a concellos para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables, inmigrantes ou poboación xitana;
- Axudas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables ou inmigrantes;
- Ou o convenio coa Fundación LaCaixa para o desenvolvemento do Programa LaCaixa ProInfancia, un programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 16 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21661
Data envio: 14/09/2021 14:49:06.956

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2021 14:49:03

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:35:39
Nº Rexistro: 21894
Data envio: 16/09/2021 13:35:39.707
Data 16/09/2021 13:35

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 15573**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as axudas económicas recibidas polo Grupo Cándido Hermida e as previsións da Xunta de Galicia respecto dos despedimentos que se produciron neste grupo empresarial"**, (publicada no BOPG número 134, do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A finais do mes de maio, e a petición da CIG mantense unha reunión con representantes do sindicato CIG e posteriormente coa representación da empresa, a cal confirma os despidos e informa que estes foron obxecto de demanda ante a xurisdición social e se está a espera das sentencias."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/09/2021 13:35:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 13:35:39
Nº Rexistro: 21894
Data envio: 16/09/2021 13:35:39.707

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/09/2021 13:35:36

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21929
Data envio: 16/09/2021 14:45:58.567
Data 16/09/2021 14:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15610**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da dragaxe do fondo da ría de Pontevedra e dunha proposta sustentable para o depósito dos sedimentos"**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 27 de abril de 2021, a presidenta de Portos de Galicia trasladaba ás confrarías de Pontevedra, a decisión do Goberno central de non permitir máis depósitos de áridos ata a realización dun estudo de alternativas no punto de depósito que o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico tiña autorizado con carácter permanente no exterior da ría de Arousa. Esta decisión afecta ao conxunto das dragaxes previstas para todo o sur de Galicia e de xeito concreto ao proxecto de dragaxe do Lérez.

A presidenta de Portos de Galicia informou desta circunstancia aos patróns maiores das confrarías que xestionan a lonxa de Campelo -as de Pontevedra, Lourizán e Raxó-, así como ao presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores Pontevedra, que solicitaran unha entrevista con anterioridade a coñecerse a nova directriz estatal.

A presidenta de Portos de Galicia indicou que a decisión do Goberno central conleva unha nova tramitación para o depósito do material da dragaxe do Lérez dado que non poderá realizarse ata presentar ao Ministerio un estudo de alternativas ao punto que se viña utilizando desde 1998. Deste xeito, condiciona os avances da obra, que conta cunha partida orzamentaria na súa tramitación de 200.000 euros xa en execución para 2021. Ademais, durante os dous últimos anos, Portos de Galicia ten investido outros 200.000 euros na tramitación ambiental realizada para cambiar o punto de depósito da zona de Tambo, previsto inicialmente polo ente público, ao punto exterior denominado Sálvora.

CSV: BOPGDSPGeYGVyWAJJ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21929
Data envio: 16/09/2021 14:45:58.567

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

